

**MEMORIA ANUAL**

**CURSO ESCOLAR**

**2012 / 2013**

**CEIP Emilia Pardo Bazán**

## MEMORIA ANUAL 2012-2013

### INDICE

1.- Introducción.....	4
2.- Obxectivos xerais .....	5
2.1.    Actualizar o Proxecto Educativo de Centro.....	5
2.2.    Avaliación diagnóstica.....	5
2.3.    Concreción anual do Plan de Introducción das TIC.....	5
2.4.    Concreción anual do Plan Lector.....	6
2.4.1.    Grao de cumprimento dos obxectivos.....	6
2.4.2.    Dinamización da biblioteca escolar.....	6
2.4.3.    Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.....	6
2.4.4.    Itinerarios lectores.....	6
2.4.5.    Actividades.....	7
2.4.6.    Ler en familia.....	10
2.4.7.    Avaliación.....	10
3.- Concreción do Proxecto de Dirección.....	11
4.- Memorias dos equipos docentes de ciclo.....	17
4.1.    Educación Infantil.....	17
4.2.    Primeiro ciclo de primaria.....	19
4.3.    Segundo ciclo de primaria.....	21
4.4.    Terceiro ciclo de primaria.....	22
5.- Equipo de Dinamización Lingüística.....	24
6.- Comisión de Coordinación Pedagóxica .....	28
7.- Departamento de Orientación .....	29
8.- Observatorio da Convivencia.....	35
9.- Biblioteca .....	37
9.1.Organización e xestión da biblioteca.....	37

9.2.Dinamización e promoción dos recursos. Integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.....	38
9.3.Formación de usuarios e educación documental.....	40
9.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector .....	40
10.- Memoria da Comisión TIC .....	40
11.- Memoria EACE .....	43
11.1. Memoria das Actividades Complementarias.....	45
12.- Memoria dos Servizos Complementarios.....	47
12.1. Transporte escolar.....	47
12.2. Servizo de Comedor Escolar e Programa Madrugadores....	47
12.2.1.Programa Madrugadores.....	48
12.2.2.Programa de Comedor.....	48
13.- Actividades extra-escolares xestionadas polo ANPA <a href="mailto:Milnen@s">Milnen@s</a> .....	49
13.1.Actividades creativas.....	49
13.2.Actividades deportivas.....	51
14.- Situación das instalacións e equipamentos.....	55
14.1. Actuacións realizadas polo Concello.....	55
14.2. Actuacións realizadas pola Consellería de Educación e O.U...	63
15.- Libros de texto e material complementario (Anexo I).....	64
16.- Resultados avaliación diagnóstica curso escolar 2010-2011.....	64

## **1.- INTRODUCCIÓN**

Finaliza o curso escolar 2012-2013 co Proxecto Abalar implantado no noso centro, concretamente nas seis aulas do 3º ciclo de educación primaria. Tamén completouse a dotación de aulas dixitais en tódolos niveis de educación infantil.

Mantivemos e incrementamos a participación do centro en proxectos que acheguen ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o plan de horto escolar, Voz Natura e Custodia de Praias.

A nutrida participación do alumnado do colexio no XVI Certame de Teatro Escolar e Afeccionado “Candilejas Don Bosco” puxo de manifesto o traballo realizado por un pequeno grupo de mestres e mestras, que contando coa colaboración do Claustro de profesorado e do persoal non docente, fixeron posible a estrea da obra titulada: “O Crebanoces”. Asimesmo outros grupos de alumnos/as traballaron intensamente ao longo de todo o curso na realización de obras teatrais representadas no propio colexio para o resto de alumnado e tamén para as súas familias.

Confírmase a licitación do proxecto de ampliación do centro mediante un edificio independente que albergará ó 2º ciclo de educación infantil, así como a instalación noo directivo actual finalizaba mandato mesmo edificio do comedor escolar do centro.

No marco do Proxecto de Dirección, o equipo directivo actual finalizaba mandato no actual curso escolar. O director, Don José Manuel García Yanes, presentou solicitude de prórroga na dirección por outro período de catro cursos máis, sendo ratificado pola Consellería de Cultura, Educación e O. U. logo da súa avaliación positiva polo Claustro de Profesorado, Consello Escolar e Inspección Educativa., nomeando Xefe de Estudos e Secretario, a Don Horacio Vázquez Boedo e a Don Antonio Castiñeira Vázquez respectivamente.

## **2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO**

### **2.1. ACTUALIZAR O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.**

Ante as noticias relacionadas coa aparición doutra nova lei educativa, a LOMCE, aprazouse a actualización do PEC e do Plan de Acción Titorial, ata ter máis coñecemento do seu contido, polo que pódense considerar que seguen *EN PROCESO*, debéndose completar en vindeiros cursos.

### **2.2. AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA.**

A avaliación de diagnóstico correspondente ao curso 2012-2013 tivo lugar os días 23 e 24 do mes de maio 2013 aplicándose ao alumnado de 4º curso de educación primaria. Avaliáronse tres competencias: coñecemento e interacción do alumnado co mundo físico, competencias lingüística e competencia matemática.

A Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico quedou constituída polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que actuou de presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) A xefa do departamento de orientación.
- d) Unha titora de 4º curso de educación primaria.

Aos efectos de corrección dos caderniños do alumnado a citada comisión estableceu, ao igual que en cursos anteriores, que foran os/as titores/as de 3º curso de educación primaria os encargados da súa valoración.

Os resultados obtidos polo centro na Avaliación Diagnóstica 2011-2012 poden verse no Anexo II.

### **2.3. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC.**

A formación do profesorado no curso 2012-2013 estivo enmarcada no desenvolvemento dun Grupo de Traballo titulado: "A mellora da competencia dixital do profesorado", no que participaron 15 docentes.

A transformación de 6 aulas do 2º ciclo de educación infantil en aulas dixitais, durante o terceiro trimestre do curso, completou a dotación dixital nas 27 unidades coas que conta o centro.

#### **2.4. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTOR LECTOR DE CENTRO.**

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

##### **2.4.1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS**

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

##### **2.4.2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Ver Memoria da B. E.

##### **2.4.3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS**

Dende o curso 2002-2003 levamos a cabo o **“Programa de Lectura Silenciosa Sostida”**. Co tempo fóronse introducindo nalgúñas aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo que combinan coa lectura individual e que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

##### **2.4.4.- ITINERARIOS LECTORES**

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

###### ***Primeiro Ciclo:***

- 1º: - “No quiero un dragón en mi clase “. Violeta Monreal
- “Rata Linda de Compostela”. Bernardino Graña
- 2º: - “Juana sin miedo”. Ana Alonso
- “A galiña azul”. Carlos Casares

### **Segundo Ciclo:**

3º: - “O estanque dos parrulos pobres”. Fina Casalderrey  
- “Pamela Panamá contra la Bruja Descalza”. Violeta Monreal

4º: - “Ese no es mi zoo”. Elvira Menéndez  
“Un misterio na mochila de Alba”. Fina Casalderrey

### **Terceiro Ciclo:**

5º e 6º : “Mil cousas poden pasar”. Jacobo Fernández Serrano

## **2.4.5.- ACTIVIDADES**

### **▪ E. INFANTIL**

- Continuouse co Proxecto Lector.
- Sesión de “Contacontos” no 1º día de colexio para inaugurar o curso.
- Sesións diarias de lectura nas aulas, nas que se manexaron libros de ficción e información.
- Actividade de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. E.
- Creación de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura: Grabación de contos polos nenos e traballos sobre eles.
- Elaboración de “Contos viaxeiros” e “Libros de nomes” en colaboración coas familias e logo presentación nas aulas e tamén ás familias.
- Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.
- No tempo do “Día das Letras Galegas” fixéronse actividades sobre Roberto Vidal Bolaño.
  - Colaboración coas familias: Ao principio de curso solicitouse a cada familia que aportase un conto para a biblioteca de aula, utilizándose logo estes contos para animación á lectura e como complemento ás actividades de aula.
  - As mestras de apoio, a través do conto “Oreillas de bolboreta”

(facendo uso da pizarra dixital e as actividades plásticas), traballaron diferentes emocións e sentimentos que logo os alumnos reflexaron en imaxes e palabras.

- Algúns dos contos traballados en E. I. son:

- 3 anos: “Elmer”
- 4 anos: “A xoaniña rosmona”, “De que cor es ti?”, “A nena e o grilo”, “Frederick”, “Cocorico”,...
- 5 anos: “Pétala”, “Que tal, vexetal?”, “O increíble neno devorador de libros”, “Rato Tom e rata Tomasa”, “Amores de gato e rato”,...

#### ▪ 1º CICLO

##### ➤ Participación no P.L.S.S.

- Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...
- Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de libros, textos diversos, ...
- Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.
- Lectura diaria nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.
- Dramatización dalgunhas das lecturas leídas.
- Lectura de dous libros por nivel, un en castelán e outro en galego:

- En 1º:

“No quiero un dragón en mi clase” de Violeta Monreal

“Rata Linda de Compostela” de Bernardino Graña.

- En 2º:

“Juana sin miedo” de Ana Alonso

“A galiña azul” de Carlos Casares.

Tamén léronse dúas antoloxías de textos diversos (unha en castelán e outra en galego) nos dous niveis.

##### ➤ Realización de actividades plásticas e literarias relacionados coas lecturas mencionadas e outras: Marcapáxinas, murais, talleres de creación literaria,



actividades de escritura e plásticas.

➤ **Encontros con autores:**

- Os alumnos do 1º nivel reuníronse coa escritora Violeta Monreal, autora e ilustradora do libro “No quiero un dragón en mi clase”.
- Os alumnos de 2º nivel reuníronse coa escritora Ana Alonso, autora de “Juana sin miedo”.

➤ **Iniciación á búsqueda da información, especialmente en temas relacionados cos contidos curriculares de Coñecemento do Medio e Educación Artística: confección dun pequeno traballo de investigación.**

➤ **Recomendacións de libros que se poidan mercar para a B.E.**

➤ **Colaboración das familias con aportacións de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.**

▪ **2º CICLO:**

- Participación no P.L.S.S.

- Lectura de libros

- En 3º:

“O estanque dos parrulos pobres” de Fina Casalderrey

“Pamela Panamá contra la Bruja Descalza” de Violeta Monreal

- En 4º:

“Ese no es mi zoo” de Elvira Menéndez

“Un misterio na mochila de Alba” de Fina Casalderrey

Sobre todos estes libros realizáronse diversas actividades: posta en común, actividades de expresión oral, escrita e creación artística.

└─ **Encontros con autores:**

Tras a lectura dos libros de Fina Casalderrey todo o alumnado do Ciclo participou en sendos encontros coa autora.

### ▪ 3º CICLO:

— Participación no P.L.S.S.

— Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que valoramos positivamente.

— Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...

— Nalgunhas titorías a biblioteca de aula está informatizada e o propio alumnado é o encargado da súa xestión: rexistro, préstamos, devolución, lecturas recomendadas,...

— Lectura en 5º e 6º do libro “Mil cousas poden pasar” de Jacobo Fernández Serrano.

— Encontros con autores:

- Encontro con Jacobo Fernández Serrano
- Encontro con Xurxo Souto

— O alumnado de 6º C levou a cabo varias lecturas de contos para o alumnado de 1º curso, dentro do proxecto “O MEU AMIGO MAIOR”. Algúns dos contos foron de elaboración propia e acompañáronse con música interpretada en directo. A experiencia resultou moi positiva e continuarase, se é posible, o próximo curso.

— **ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Ver Memoria da Biblioteca.

#### **2.4.6.- LER EN FAMILIA**

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

#### **2.4.7.- AVALIACIÓN**

- No 1º Ciclo a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva. Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para

centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

- No 2º Ciclo estiman en xeral positiva a avaliación.
- No 3º Ciclo consideran a avaliación positiva. No caso dos alumnos non lectores observaron que prenden máis a atención nas lecturas colectivas e nos encontros con autores.

### **3. CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN.**

***OBXECTIVO 1.** Revisión dos documentos legislativos elaborados polo Centro, así como da nomenclatura utilizada para adaptalos á LOE. Redacción do proxecto de xestión segundo o artigo 123 da Lei Orgánica, 2/2006, do 3 de maio de Educación.*

A Programación Xeral Anual elaborouse segundo o disposto pola Administración Educativa a partir do artigo 125 da LOE.

A revisión do Proxecto Educativo do Centro (PEC) aprazouse ata a implantación da LOMCE, sen chegar a completarse, quedando pendente para vindeiros cursos escolares.

***OBXECTIVO 2.** Potenciar o coñecemento da LOE e calquera outra lexislación educativa entre o profesorado do centro de forma que se convertan nas referencias do noso traballo.*

Mediante o correo electrónico e outros medios de comunicación a Dirección do centro publicitou entre o profesorado as disposicións legislativas de nova aparición.

***OBXECTIVO 3.** Dinamizar os órganos de goberno e de coordinación docentes para facelos máis efectivos.*

- Creáronse as comisións/equipos que se precisaron para o bo funcionamento do centro.
- Estableceuse un calendario mensual de reunións de equipos/comisións.
- Cando foi preciso propuxéronse os temas a debater en cada sesión.
- Mantívose a estrutura organizativa nos equipos de ciclo e nas comisións elevando propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica ou viceversa.

•Realizáronse 8 sesións de Claustro (1 extraordinario), 9 de Consello Escolar (1 extraordinario), 2 reunións do Observatorio da Convivencia Escolar.

*OBXECTIVO 4. Crear uns sinais fortes de identidade do Centro.*

A avaliación positiva do Centro de Formación e Recursos do Grupo de Traballo no que o profesorado do centro desenvolveu aspectos relativos á mellora da súa competencia dixital mantivéronnos como centro colaborador do CFR A Coruña.

A continuidade do centro no proxecto medio-ambiental “Voz Natura” e a creación dunha Comisión sobre o emprego didáctico da horta escolar, a participación pioneira do noso centro no Proxecto de Custodia de Praias, tamén marcan os sinais de identidade do noso centro.

A implantación dos grupos estables de teatro escolar están a definir unha nova seña de identidade do noso centro.

*OBXECTIVO 5. Recoñecer e valorar o Departamento de Orientación como un órgano dinamizador e fundamental da vida do Centro.*

Mantivose a plantilla de especialistas do Departamento de Orientación e incrementouse o persoal coidador, establecéndose un contacto periódico coa Orientadora para acadar o maior aproveitamento dos recursos dispoñibles en canto a espazos, tempos e materiais.

*OBXECTIVO 6. Fomentar o respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa e motivar a recuperación da autoridade (que non autoritarismo) das mestras e mestres no seu significado real e pleno.*

\* Mantivéronse entrevistas coas familias do alumnado que presentou actitudes contrarias ás normas de convivencia, fundamentalmente nas problemáticas xurdidas co absentismo escolar, relacións persoais entre iguais e tamén entre alumnado-profesorado, priorizando o aspecto educativo das medidas correctoras sobre o sancionador. Neste aspecto foi fundamental a boa coordinación entre o profesorado e a Xefatura de Estudos e a Dirección.

\* Mantívose a comunicación entre os responsables dos servizos de comedor escolar e de actividades extra-escolares coa Dirección do centro, atallando o antes posible os indicios de incumprimento das normas de convivencia.

\* Realizáronse diversos obradoiros relacionados coa conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, encaminados á prevención e resolución de conflitos.

\* Tomáronse as medidas correctoras necesarias entre o alumnado que o precisou, chegando á imposición dunha sanción disciplinaria de expulsión temporal por un período de tres días lectivos.

***OBXECTIVO 7. Fomentar a participación activa das familias do alumnado nas actividades do Centro.***

\* Cando foi preciso mantivéronse reunións entre a Dirección e a Xunta Directiva da ANPA Milnen@s, así como cos representantes das familias no consello escolar para tratar aspectos relacionados fundamentalmente coas necesidades estruturais do centro, o funcionamento do comedor escolar e co desenvolvemento das actividades extra-escolares.

\* Participouse activamente durante o primeiro trimestre do curso escolar no Programa Municipal EDUCASAÚDE.

\* Organizouse unha charla divulgativa para as familias do alumnado do 3º ciclo de primaria no marco do Plan Director para a Mellora da Convivencia e a Seguridade Escolar, baixo a temática dos riscos de internet e as redes sociais.

\* Colaborouse coa Asociación Comunitaria Distrito Quinto ASCODI na realización dunha charla-coloquio titulada: **SOS Adolescencia**, dirixida ás familias do alumnado de 6º curso de educación primaria.

***OBXECTIVO 8. Potenciar a formación e o traballo en equipo do profesorado. Especialmente nas novas tecnoloxías.***

\* Potenciouse a creación dun Grupo de Traballo relacionado co emprego das TIC

no que tivo continuidade a revista dixital en-liña que cumpriu unha década de publicacións.

OBXECTIVO 9. *Respectar e cumprir e facer respectar e cumprir os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.*

\* Prestouse especial atención á linguaxe sexista na redacción das circulares dirixidas a calquera sector da comunidade educativa.

\* Difundíronse entre a comunidade educativa as actividades promovidas desde a Concellaría de Igualdade do Concello da Coruña.

\* Fixéronse actividades específicas para conmemorar o Día Internacional da Muller Traballadora coa presenza no centro do Bus Escola de Igualdade.

OBXECTIVO 10. *Respectar os principios básicos de xustiza, solidariedade, tolerancia, respecto, igualdade ou calquera outro vital na formación do ser humano.*

\* Continuouse co protocolo de resolución pacífica de conflitos.

\* Conmemoráronse os días establecidos no calendario escolar a tal efecto facendo máis fincapé nalgúns deles: Magosto, Día da Paz e dos Dereitos Humanos, Letras Galegas.

\* Realizáronse os obradoiros “*Diferentes pero Iguais*” e “*Catro dons para a igualdade*”, nos que o alumnado traballou a temática da igualdade de xénero, o sexismo na publicidade e a problemática dos comportamentos machistas.

OBXECTIVO 11. *Articular medidas de actuación que favorezan a integración das diferentes minorías existentes no Centro: etnias, inmigrantes, alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.*

\* Para a consecución deste obxectivo realizáronse os obradoiros citados no punto anterior.

OBXECTIVO 12. *Promover e impulsar o coñecemento da cultura galega e o uso do noso idioma en todos os ámbitos.*

\* Promocionar entre a comunidade educativa a mascota creada polo EDLG para

propiciar o desenvolvemento lingüístico da lingua galega

\* Apoiar cos recursos orzamentarios necesarios o desenvolvemento do Proxecto Lingüístico do Centro.

\* Facilitáronse tódolos recursos dispoñibles para a celebración da Semana das Letras Galegas.

***OBXECTIVO 13.** Dinamizar o funcionamento da Biblioteca do Centro como mediateca do centro e como elemento clave no desenvolvemento docente e cultural do Centro.*

\* Realizáronse conferencias e/ou mesas redondas sobre temas de actualidade directamente relacionados coa educación:

- Entrega da recadación do Rastrillo da Solidariedade á ONG: Arquitectos Sen Fronteiras.
- Encontros con diversos autores: Violeta Monreal, Ana Alonso, Fina Casalderrey, Jacobo Fernández Serrano, Xurxo Souto.
- Sesións divulgativas do Plan Rúa.

***OBXECTIVO 14.** Organizar e impulsar a utilización correcta do Salón de Usos Múltiples.*

• Mantemento de reunións periódicas co persoal encargado das diferentes actividades que se desenvolveron no SUM para propiciar o coidado das instalacións.

• Investimento orzamentario para mellorar e ampliar o escenario:

- Colocación de tarima flotante na superficie do escenario,
- Habilitación dun compartimento para almacenaxe de materiais de teatro.
- Instalación de cortinaxes no fondo e laterais do escenario creando corredores interiores para a transición dos actores e actrices.
- Instalación dun faldón superior que evite a visión dos focos desde o

patio de butacas.

- Instalación dunha regleta eléctrica para enchufar os diversos equipamentos de son, iluminación e proxección.

OBXECTIVO 15. *Estudar a distribución dos espazos do centro para aproveitar ao máximo as súas posibilidades.*

- Reclamación de melloras ante o Servizo Municipal de Educación e a Unidade Técnica da Xefatura Territorial de Educación para acadar solucións ás deficiencias infraestruturais do centro.
- Participación nos actos de presentación do Proxecto de Ampliación do colexio realizados pola Consellería de Cultura, Educación e O. U. e o Concello da Coruña, ante a comunidade educativa do noso centro.

OBXECTIVO 16. *Mellorar a expresión e comprensión escrita do noso alumnado considerando ditas destrezas como instrumentos básicos para toda aprendizaxe académica así como para o desenvolvemento en sociedade do alumnado.*

OBXECTIVO 17. *Mellorar a competencia do alumnado en técnicas de estudio.*

OBXECTIVO 18. *Elaboración dun proxecto de actividades para as alumnas e alumnos de Atención Educativa alternativa á Educación Relixiosa.*

OBXECTIVO 19. *Impulsar a participación en proxectos de innovación educativa.*

A concreción anual dos obxectivos 16, 17, 18 e 19 centrouse nas actividades que se desenvolveron ao longo de todo o curso escolar polos diferentes ciclos e equipos de coordinación didáctica.

OBXECTIVO 20. *Mellorar o aspecto físico do colexio tanto externo como interno.*

- \* Acondicionouse o acceso mediante rampa na zona colindante ao labirinto vexetal.
- \* Restableceuse a rasante de terreo situada na zona frontal do labirinto vexetal eliminado o apozamento de auga da choiva.
- \* Protección mediante pintura elástica os paramentos exteriores da planta baixa e nalgunhas zonas ata o primeiro andar. no edificio de educación primaria.



\* Igualación da rasante do pavimento no patio cuberto de educación infantil.

\* Substitución das bancadas e proteccións deterioradas no patio de xogos de educación infantil por un sistema de valados mediante malla tipo Hércules.

#### **4. MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE CICLO**

##### **4.1. EDUCACIÓN INFANTIL**

O curso 2012- 2013 discorreu con normalidade.

- Seguimos compartindo o espazo da biblioteca con AL e PT.
- A través da páxina web e da revista “e-journal” dásele acceso ás familias sobre información e actividades realizadas no ciclo.
- O encerado dixital interactivo segue sendo utilizado por todo o alumnado de infantil dun xeito sistematizado con sesións fixas semanais e agrupamentos flexibles, aínda que ao longo do curso equipáronse todas as aulas de E. Infantil con encerados dixitais pero respectando os agrupamentos flexibles semanais.
- Fíxose unha exposición de debuxos do alumnado no patio cuberto.
- Na xornada de portas abertas presentáronse as mestras e mestres do nivel e fíxose unha visita polas instalacións do centro por parte das familias interesadas.
- Participamos cos alumnos e alumnas de 4 e 5 anos no concerto: “Los colores del arco iris” no palacio da Ópera e organizado polo Concello.
- Na semana das Letras Galegas:
  - . Realizáronse actividades sobre Roberto Vidal Bolaño
  - . Participamos no festival das Letras Galegas todas as aulas con diferentes actuacións.
- Saída de fin de curso á granxa escola Beelle por niveis.
- Fixéronse actividades colectivas como:
  - . Magosto.
  - . Nadal.
  - . Día da Paz (participamos todo o colexio).
  - . Entroido con desfile de disfraces e festa gastronómica (participamos todo o

colexio).

. Festa de graduación. O alumnado de cinco anos realizou diversas actuacións en presenza dos seus familiares.

. Día 21 de xuño, festa realizada pola ANPA.

. Asistimos a un contacontos en inglés e á representación de diferentes obras de teatro na que participaron alumnos/as do colexio.

. Implicación do ciclo no proxecto de Voz Natura.

### DIFICULTADES

- Masificación do alumnado. O edificio quédase pequeno.
- Deficiente acceso ás aulas, debido ás moitas escaleiras e a que os corredores quedan estreitos.
- Falta de máis baños.
- Non hai espazos para impartir determinadas materias.
- Espazo inadecuado para actividades motrices e musicais. O patio cuberto non reúne unhas condicións axeitadas: ten mala acústica, nel hai continuas interrupcións das sesións e, ao ter unha abertura entre o tellado e o muro, entra moita corrente e algúns días vai moito frío.
- Non existe saída de emerxencia.

### CARA O VINDEIRO CURSO

- Dado o incremento de alumnado con NEAE vemos necesario tamén un incremento de profesorado especialista en AL e PT.
- Persoal de conserxería máis tempo no edificio de E. Infantil.
- Sempre que fora posible solicitar informe as escolas infantís de 1º ciclo para anticiparmos ao posible alumnado con dificultades.
- Coidadora a tempo total en E. Infantil debido aos casos que precisan a súa presenza e que nos é difícil de garantir con seguridade.
- Desdoblamento da aula de PT e AL.
- Solicitude dun encerado dixital para PT e AL e outro para a aula de Relixión Católica.

## **4.2. PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA**

O equipo de profesores do 1º Ciclo de Educación Primaria realizou ao longo do curso 2012/2013, as reunións previstas no Plan de Centro e as necesarias co fin de se manter informado sobre o tratado nas reunións das distintas Comisións que funcionan no Colexio, así como para tratar temas comúns a nosa labor docente.

### **DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN**

Conseguíuse un bo resultado, en termos globais, na consecución dos obxectivos recollidos na PXA.

Destacamos os seguintes aspectos:

-Incidíuse especialmente na necesidade de manter a atención por parte do alumnado, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando necesario seguir traballando neste aspecto.

-Estimamos que, en termos xerais, se acadaron os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e de razoamento lóxico-matemático.

-Utilizáronse as TICs (pizarras dixitais), en todas as aulas do ciclo. Resultaron un bo elemento para captar a atención e a motivación do alumnado.

-Traballouse para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato, aínda que é necesario seguir impulsando este punto no vindeiro curso.

-Concedéuselle notable importancia ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, xa que este ano detectouse unha grande falta de respecto aos demais e falta de adaptación ao contexto, pero para a súa adquisición e interiorización é imprescindible a colaboración familiar, que non é posible en todos os casos.

-Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o centro, mediante o Plan de Lectura Anual. Os resultados son altamente satisfactorios.

-Ao longo do curso, realizáronse distintas actividades e celebracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, actividades de dinamización

lingüística (Feirán), concertos, encontros con autores, MUNCYT..

Unha saída ao teatro anulouse por enfermidade dunha das actrices.

Parécenos importante destacar que a visita ao MUNCYT non é moi axeitada para o alumnado deste ciclo.

A excursión a Gandarío de fin de curso foi substituída por unha ao Monte de San Pedro.

-Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado.

-Durante o terceiro trimestre púxose en marcha un plan de apoio ás aulas do 2º nivel do ciclo. Consideramos que, de cara ao próximo curso, deben terse en conta as necesidades de apoio no 1º nivel sobre todo no 1º trimestre; as necesidades reais do resto das aulas para poñer as horas de apoios e que estes non coincidan coas saídas do alumnado ás clases de PT ou outras.

### **METODOLOXÍA E AVALIACIÓN**

O número de alumnos/as por aula é moi elevado para poder levar a cabo un tipo de ensino que potencie as características de cada un deles e así atender as individualidades situadas a ambos extremos da media. De todos os xeitos, traballouse de forma activa e participativa tendo en conta as capacidades de cada alumno.

Fíxose unha avaliación continua e global valorando o traballo diario da aula, a súa actitude diante do mesmo, o interese, orde e limpeza na presentación dos traballos.

Contouse con profesorado de apoio, pero non tiña suficiente tempo para atender ás crecentes necesidades, quedando nenos/as pendentes de diagnóstico ou de atención.

Aínda que xa se recolleu na Memoria do curso pasado, o Equipo de Ciclo segue considerando que, nos casos de alumnos que teñan que repetir, debería considerarse a posibilidade de que, dependendo das características do neno/a e do nivel acadado, puidera repetir no 1º nivel. Isto favorecería a súa participación nas actividades do grupo clase e non tería que realizar un traballo individualizado que contribúe a illalo dos demais, co cal a súa motivación vai decrecendo ao non seguir o ritmo do grupo.

Por último, queremos facer constar que o absentismo escolar segue a ser un

problema, recoñecendo que este ano mellorou tras as medidas tomadas.

### **4.3. SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA**

O presente curso escolar 2012-2013 neste ciclo transcurriu con normalidade. Traballáronse os obxectivos plantexados ao comezo do curso, obtendo un satisfactorio grao de consecución dos mesmos.

1. Continuouse coa potenciación da Lingua Galega con numerosas actividades: na megafonía durante as entradas, saídas e no recreo escoitouse música popular galega continuando a traballar nas aulas a letra das cancións dende distintos aspectos lingüísticos e gramaticais. Séguese a traballar o seu uso oral a través do teatro, da música, e doutras tarefas escolares como debates, entrevistas etc.

2. Cómpre seguir potenciando as actividades que impliquen a reflexión para atallar a falta de atención do alumnado. O rigor na lectura e análise do enunciado faise especialmente necesario para mellorar os resultados nas distintas tarefas.

3. As probas diagnósticas desenvolvidas no mes de maio fan necesario replantexarse a programación para o próximo curso xa que dan por suposto que xa está todo o temario visto cando na realidade non é así. Un ano máis os nosos alumnos non poideron resolver algunha cuestión por ese motivo. Cara a millorar os resultados, haberá que seguir insistindo nas técnicas de estudo, en facilitar ferramentas que lles axuden a utilizar ben a información para a realización das distintas tarefas.

4. Consideramos que hai que seguir traballando as distintas competencias do alumnado, insistindo na necesidade dunha actitude respetuosa cos compañeiros e demais membros da comunidade educativa.

5. No ámbito medioambiental, o alumnado continuou coa recollida de residuos orgánicos para facer “compost” e utilizalo no horto escolar. Asistiron a varias saídas e actividades ofertadas dende o programa VOZ NATURA cunha valoración moi positiva, destacando a visita ao museo Muncyt, no que experimentaron sobre as casas bioclimáticas. As actividades no horto escolar e nas diferentes zonas verdes do patio

cumpriron cos obxectivos propostos de sensibilizar ao alumnado da necesidade de valorar, conservar, respectar e coidar a natureza.

Como excursión de final de ciclo decidimos ir á Granxa-Escola de Beelle por considerar moi interesante a organización dos diferentes talleres que fan que os alumnos coñezan de forma activa as distintas tarefas do campo.

Resultou moi satisfactoria e interesante para o alumnado que en todo momento se mostrou interesado e participativo nos diferentes talleres.

6. Este curso traballouse dun xeito sistemático co libro e co encerado dixital interactivo, o que supuxo un avance no uso das novas tecnoloxías. Nos cursos de cuarto traballouse con blogs de aula, o que resulta moi motivador para o alumnado.

7. Acadou un resultado bastante satisfactorio das actividades lectoras a través do proxecto “Plan de Lectura” por lecer e contamos coa colaboración de pais/nais para fomentar a lectura diaria na casa. Os alumn@s de 3º e 4º traballaron cun libro en galego no 2º e 3º trimestre e contaron coa visita da autora, o que despertou un grande interese.

O sistema de empréstitos da biblioteca do centro funcionou bastante ben. Tamén se intercambiaron libros dentro da aula que os propios alumnos traían da casa para deixalos aos compañeiros no tempo da lectura.

#### **4.4.TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA**

Os obxectivos propostos a principio de curso logrónse coa maioría do alumnado do 3º ciclo, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes.

A excepción prodúcese co primeiro obxectivo en canto a conseguir que o alumnado preste e manteña atención, evite ruídos, manteña silencio...que resulta non só difícil de conseguir, senón de manter no tempo, tanto na aula, como nas filas, nos corredores, nos patios, no salón de usos múltiples, nas saídas... Conviría buscar unha solución conxunta interciclos.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronnas nas estratexias para a resolución de

problemas e, en moitas titorías, no cálculo.

En canto á área de lingua resulta máis dificultosa a lectura expresiva, a adquisición e/ou incorporación do novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega tanto na expresión oral, coma na escrita. O alumnado en xeral, aprecia e valora o Galego, aínda que non xeneraliza o seu uso.

Participamos nas actividades de Feirán propostas polo EDL.

O alumnado segue a participar nas actividades de Voz Natura.

Seguimos tamén coas actividades propostas do Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado do Terceiro Ciclo considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante á formación do alumnado e así preparouse con alumnos de 5º e 6º unha obra de teatro que dirixiron o profesor de Música, unha profesora de PT e a profesora de AL. O alumnado participante valorou moi positivamente esta actividade. Esta obra representouse ante os compañeiros, ante os pais e participou nun certame de teatro intercentros.

As profesoras de Inglés fan una valoración positiva da división dos grupos para a mellora da competencia na expresión oral e expresan a súa intención de continuala o próximo curso se o horario o permite.

Completoouse este curso nunha titoría de 6º un proxecto chamado “O MEU AMIGO MAIOR”, que pretende achegar os maiores do colexio aos nenos de Primeiro Ciclo de Primaria. Os/As alumnos/as maiores actúan coma guías dos pequenos, tanto nos recreos coma nas actividades programadas polas respectivas titoras.

Continuamos neste curso a nosa andadura no proxecto “ABALAR” co que todas as aulas de 5º e 6º quedan dotadas cun encerado dixital e un Netbook por alumno. A experiencia é interesante, aínda que algunhas demandas do profesorado, entre outras ter acceso dende o ordenador principal ao traballo que cada alumno está facendo no seu Netbook, aínda non se pode facer, o que ralentiza o traballo e dificulta o control por parte do profesorado. Dúas aulas unha de 5º e outra de 6º traballan cun aula virtual e/ ou

cunha rede social. O alumnado do ciclo conta con blogs en Inglés.

Contamos este curso cos obradoiros de EducaSaúde, Prevención de violencia de xénero, Prevención consumo de drogas (6º) e “Navega con Rumbo” sobre seguridade en Internet.

Este curso solicitouse AXUDA DOMICILIARIA para unha alumna de 6º. Dita axuda resultou un verdadeiro fiasco xa que se limitaba ao mero transporte do traballo proposto polo profesorado ao domicilio da alumna sin que esta recibise ningún tipo de apoio. En relación aos exames só podían facer un á semana o que facía preciso cinco semanas para os exames de avaliación. Dada a precariedade deste servicio decidiuse renunciar a el, sendo algunhas profesoras as encargados de realizar os exames na casa.

Fixemos as saídas prevista na PXA. O alumnado de 6º realizou a saída de fin de Primaria dunha duración de tres días a un albergue de ecoturismo.

## **5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Guiados polo noso obxectivo principal de fomentar o emprego do galego nos diferentes eidos e actividades do noso colexio; en setembro deseñamos un proxecto de traballo ambicioso no que, baseándonos nos resultados dunha enquisa realizada entre todo o profesorado a comezos de setembro; demos continuidade a algunhas das iniciativas postas en marcha en cursos anteriores, ao tempo que incluímos algunhas novas:

Un ano máis, centramos a nosa labor na colaboración con todos os equipos de traballo do colexio, en especial co Equipo de Actividades Extraescolares, que nos axudou a organizar todo tipo de eventos: festivais, murais, megafonía, decoración dos espazos comúns, teatro,...

A Comisión TIC tamén nos aportou asesoramento para axudar a dar difusión ás nosas iniciativas; e nós, pola nosa parte, aportamos os nosos grans de area para engadir contidos á revista dixital do colexio e á nosa sección dentro da páxina web do centro.

A Comisión da biblioteca proporcionounos información para organizar diferentes



actividades, pero nós non podemos corresponderlles todo o que nos gustaría, por falta de tempo. Este é un apartado que esperamos poder mellorar en cursos vindeiros.

Co Departamento de Orientación traballamos, un ano máis, para facer o díptico destinado ás sesións de asesoramento ás familias entregado ao comezo de curso e na redacción de diferentes programas de intervención co alumnado con NEAE.

Colaboramos co departamento de Inglés na organización da festa de Samaín/ Halloween (facendo fincapé nas diferencias entre as dúas celebracións)-

Xunto co equipo da Horta Escolar, puxemos en marcha un proxecto que nos quedara pendente do curso anterior: A rotulación das principais prantas do noso colexio (carteis co nome científico e “vulgar” de cada unha).

Debido ao pouco tempo que lle podemos adicar desde os dous equipos; polo de agora só estamos nunha etapa inicial. Agardamos poder continuar o próximo ano.

Por outro lado, a colaboración co departamento de música foi continua, estreita e moi fructífera na organización dos festivais, megafonía e obra de teatro interaulas.

Como estes últimos anos, organizamos dous festivais: un en Nadal e outro en Maio, celebrando o día das Letras Galegas, adicado nesta ocasión á música tradicional galega.

Colaboramos, na medida das nosas posibilidades, na organización das festas do Magosto, o Nadal e o Entroido.

Un ano máis, participamos no concurso da Consellería de proxectos de innovación, máis con escaso resultado.

Outras dúas iniciativas que nos resultou imposible levar adiante como quixeramos debido á sobrecarga horaria e as limitacións do presuposto (que non foi confirmado pola Consellería até o mes de xuño) foron as de catalogación, actualización e incremento dos nosos recursos audiovisuais (fonoteca, videoteca, producións propias). Con todo, o equipo de E.I. puido deseñar e crear algúns materiais moi interesantes como o corto “*Oreillas de bolboreta*” ou un telexornal

moi orixinal. En primaria tamén tiñamos pensado facer un obradoiro de dobraxe de cortos, pero foi totalmente imposible por falta de tempo.

Creemos que este apartado da creación audiovisual debe ser potenciado máis en cursos vindeiros e que sería fundamental argallar algún método de difusión para poder compartir, de xeito efectivo, estas pequenas “obras de arte” con toda a comunidade educativa do noso colexio. Esta é outra tarefa pendente para outro curso.

Colaboramos coas titoras e titores elaborando materiais para traballar na aula, como as fichas coa letra das cancións da megafonía; ou recompilando materiais para estudar nas aulas a obra e vida de Roberto Vidal Bolaño, autor a quen se lle adicou este ano o día das Letras Galegas.

Por problemas de tempo dispoñible para as actividades deste equipo, vímonos na obriga de priorizar aquelas iniciativas que nos parecían máis eficaces por ter máis e mellor difusión e aceptación entre unha maior parte de alumnado e profesorado. Deste xeito, decidimos concentrar os nosos esforzos en:

**Fomentar a interrelación interciclos e interclases:** nesta liña, polo Nadal, un grupo de representantes dos maiores foi darlles un pequeno recital aos compañeiros de E.I.; os alumnos de 6º C prepararon dous contos para escenificalos diante dos máis pequenos; e organizáronse varios equipos de teatro.

Continuar empregando a **megafonía** como medio para difundir música en galego (tanto nas entradas e saídas do edificio de E.I. como no de E.P), como para facer lectura (alumnado voluntario) de textos galegos (no día de Rosalía e na semana das Letras Galegas).

Démoslle continuidade ao **proxecto da mascota** do EDLG (Feirán), que este ano enviou só 3 preguntas polos recortes no horario dispoñible do profesorado encargado. Estes problemas de tempo tamén fixeron que non pudiéramos manter o **Blog de Feirán** tan actualizado como quixeramos, polo que non puidemos darlles aos traballos dos nenos toda a difusión que se

merecen. Intentaremos mellorar este aspecto no futuro.

Retomamos un ano máis, o Certame Artístico-Literario de narración e debuxo.

E, por último, puxemos en marcha, en estreita colaboración cos especialistas de música, a representación dunha obra de teatro Interaulas, unha adaptación propia de “O Crebanoces”.

Debido á grande cantidade de interesados en participar, e coa intención de dar cabida á maior cantidade posible de nenos/as; o proxecto, que nacera como unha obra de tamaño medio, similar ás de anos anteriores; convertiuse nun “megaproxecto” con 4 grupos de actores (2 de primeiro ciclo e 2 de maiores; máis de 100 nenos/as) onde se mesturou narración e baile, comedia e drama.

Desafortunadamente, a falta de tempo material para ensaiar con tantos actores e actrices, fixo necesario priorizar este ano os dous grupos dos maiores e deixar para o primeiro trimestre do próximo curso a preparación dos grupos de 1º e 2º deste ano.

Con todo, puidemos facelo **SÓ COA AXUDA DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA DO CENTRO** (equipo directivo, profesores, administrativo, conserxes, familias e mesmo unha maquilladora profesional que traballa no noso barrio e que se brindou altruistamente a adicar toda unha tarde a axudar a maquillar a un grupo de 56 aspirantes a estrelas do teatro galego).

Cun dos grupos dos maiores participamos no Certame de Teatro Candilejas que ten lugar, desde hai anos, no colexio Calvo Sotelo.

Foi unha experiencia impresionante para os nenos, pero necesitou da mobilización de gran cantidade de atrezzo e, o que é máis importante, dun gran número de profesores que, fóra do seu horario de traballo, de xeito totalmente desinteresado, adicaron varias tardes á preparación e representación da obra. Os que non puideron axudar directamente na preparación, apoiáronnos como público e/ou facilitáronnos os ensaios e a representación.

Foi, por tanto, un traballo de equipo tan gratificante, que non podemos deixar de destacalo nesta memoria.

## **6. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

No CEIP Emilia Pardo Bazán de A Coruña no curso 2012/2013, a CCP reuniuse un total de sete veces para tratar diversos aspectos.

Os puntos tratados foron os seguintes:

- Constitución da CCP, composición, diferentes equipos e comisións.
- Propostas de obxectivos da CCP e do DO para a PXA.
- Proxecto de formación en centro.
- Avaliación diagnóstica. Informes ás familias.
- Decisión de datas de avaliación, programacións, festivais e celebracións, rastrillo, saídas ...
- Normas de organización e funcionamento.
- Análise das partidas de orzamento.
- Implantación dos apoios nas titorias de 2º,4º e 6º.
- Absentismo escolar.
- Observatorio de convivencia.
- Informe da fundación Barrié.
- Actas dixitalizadas.
- Expulsión dun alumno de 6º de Edon. Primaria.

Ademais de todos estes puntos, na CCP, o mesmo que nos claustros informouse das novidades que atinxen ao centro, así coma a posta en común das decisións e suxestións de saídas, das reunión de ciclo, co fin de que exista unha boa comunicación no centro.

## **7. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

### **NIVEL DE CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS**

- **RESPECTO AO ALUMNADO:**
  - Identificar e valorar as competencias e as necesidades educativas do alumnado do centro (avaliación psicopedagóxica) \ EN PROCESO/ACADADO.
  - Diseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención \ ACADADO.
  - Elaborar materiais específicos para o tratamento das dificultades dos escolares \ ACADADO.
  - Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade \ ACADADO.
  - Diseñar e elaborar novos materiais de rexistro, seguimento e avaliación do alumnado. \ EN PROCESO.
  - Iniciar e valorar a eficacia do proxecto de avaliación da conciencia fonolóxica, comezando de maneira experimental con o grupo 1º B de educación primaria \ ACADADO.
- **EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS:**
  - Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas \ ACADADO.
  - Informar ás familias do alumnado con NEAE sobre a evolución e desenvolvemento educativo e persoal dos seus fillos e fillas \ ACADADO.
  - Dar a coñecer ás familias os programas, as axudas, as actividades... que ofertan as diversas administracións e organizacións da comunidade educativa \ ACADADO.
  - Elaborar e aplicar o programa “Desenvolvemento de Hábitos e Técnicas de Estudio”, dirixido ás familias do alumnado de educación primaria \ ACADADO (3º de educación primaria).
- **CON REFERENCIA AO EQUIPO DOCENTE:**
  - Colaborar co equipo docente no proceso de avaliación formativa do

alumnado e na información ás familias \ ACADADO.

- Impulsar a participación do equipo docente en programas de formación, investigación e innovación educativa \ EN PROCESO.
- Elaborar e proporcionarlle materiais adaptados as súas demandas \ ACADADO.

- RELATIVO AO CENTRO E A OUTRAS INSTITUCIÓNS:

- Revisar o plan de orientación, o plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial, e se é o caso, modificalo \ EN PROCESO.
- Participar na revisión dos proxectos educativo e curricular do centro \ NON INICIADO.
- Colaborar cos servizos que prestan atención socioeducativa e sanitaria ao noso alumnado, no marco dunha intervención interdisciplinar \ ACADADO.
- Coordinarse cos departamentos de orientación dos institutos: Salvador de Madariaga e Rafael Dieste \ ACADADO.
- Mellorar o sistema de arquivo do alumnado atendido \ EN PROCESO.
- Realizar un inventario e clasificación dos recursos materiais didácticos e de diagnóstico do departamento de orientación \ EN PROCESO.
- Colaborar nas actividades complementarias, facilitando e / ou potenciando a integración do alumnado con NEAE \ ACADADO.
- Cooperar nas actividades dos distintos equipos de dinamizacións do centro educativo \ ACADADO.
- Manter unha estreita coordinación entre os diferentes integrantes do departamento \ ACADADO.

**ALUMNADO CON NEAE.**

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) é aquel que require, de forma temporal ou permanente, de apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias.

A continuación preséntase a casuística do alumnado con NEAE por orde de incidencia no CEIP Emilia Pardo Bazán no curso 2012-2013:

**1º) Dificultades específicas da aprendizaxe.** Adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático.

- Dislalias.
- Trastornos: linguaxe, lectura, escritura, cálculo ou combinación deles.
- Trastorno do Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade (TDA – H).
- Dislexia.
- Trastorno da aprendizaxe non verbal.

**2º) Condicións persoais ou de historia escolar.** Por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

**3º) Necesidades educativas especiais (10):**

- Síndrome de West \ 1 neno.
- Síndrome de Down \ 2 nenas.
- Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento \ 4 (dúas nenas e dous nenos).
- Discapacidade física e sensorial \ 1 neno.
- Discapacidade sensorial \ 2 (nena e neno).

**4º) Altas capacidades intelectuais (5).** O alumno/a manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente no manexo dun ou varios destes recursos.

**5º) Incorporación tardía ao sistema educativo galego (4).**

## **ROGOS / PETICIÓNS / PROPOSTAS**

- Agradecer e extender a coordinación entre o equipo docente e o departamento de

orientación.

- Informar ao equipo docente da necesaria flexibilidade da nosa actuación por motivo de valoracións, de reunións, de elaboración de programas, etc.
- Valorar o fomento da colaboración interciclos, aportando espazos e tempos para reunirse.
- Optimizar as sesións de avaliacións, valorando os casos máis relevantes e centrándose nos aspectos psicopedagóxicos.
- Avaliar no departamento de orientación en coordinación co equipo docente, ao alumnado que se incorpore co curso iniciado, antes de incluílo nun aula determinada para analizar as necesidades e previr dificultades.
- Aumentar o persoal do departamento de orientación e o persoal coidador. O 3º ciclo foi o menos atendido.
- Ter a tempo completo ao mestre/a de apoio, en base ao alto porcentaxe de alumnado con desfase curricular que existe en educación primaria, debido a súa historia persoal e/ou escolar.
- Mellorar os recursos espaciais do departamento de orientación no edificio de infantil. Organizar ao comezo do curso, a utilización da aula de vídeo e a aula da pizarra dixital tanto para avaliacións psicopedagóxicas coma para os apoios.
- Perfeccionar, na medida do posible, a distribución dos horarios das especialistas. Valorando as características do alumnado e determinando as áreas nas que a aplicación dos programas específicos teñen menor repercusión sobre o desenvolvemento ordinario do currículo do alumnado atendido.
- As coordinadoras/es dos ciclos aclaran que os reforzos do equipo docente con dispoñibilidade horaria se organicen contando coas necesidades de cada ciclo. Por exemplo, no 1º ciclo centrarse no reforzo da lectura e no 3º ciclo focalizalo en reconducir ao alumnado con condutas disruptivas permanentes.
- Apoiar a idea da repetición en 1º de educación primaria, para casos moi evidentes e contando co consentimento familiar.



<b>ALUMNADO</b>				
<b>CICLO</b>	<b>COLEXIO</b>	<b>AUDICIÓN LINGUAXE (Eva + María)</b>	<b>PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (Paula+Paloma+Chus)</b>	<b>APOIO (Vero/Antonio)</b>
<i>INF</i>	215	16	7	X
1º	151	22	7	11
2º	146	8	7	4
3º	146	1	2	4
<b>TOTAL</b>	<b>658</b>	<b>47</b>	<b>23</b>	<b>19</b>

**DERIVACIONES  
2012 - 2013**

CICLO NIVEL GRUPO		ALUMNADO			PRESENTADAS  40	ATENDIDAS  32	PENDENTES  8
		A	B	C			
I N F A N T I L	4°	1	2	0	13	10	3
	5°	3	0	1			
	6°	1	0	5			
1 ° C I C L O	1°	3	3	6	15	13	2
	2°	1	0	2			
2 ° C I C L O	3°	2	2	2	7	5	2
	4°	0	1	0			
3 ° C I C L O	5°	3	1	0	5	4	1
	6°	0	0	1			

## **8. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA**

Neste curso procedeuse a unha renovación parcial da representación do alumnado no Observatorio da Convivencia, xa que o alumno Samuel Ramos Varela de 6º nivel que remata Primaria, resultou elixido o alumno de 5ºEP: Pablo Rey Rodríguez. O vindeiro curso terá lugar outra renovación parcial na que votará o alumnado do 5º nivel.

Na primeira reunión acordouse levar a cabo “diversas actividades para a prevención e resolución de conflitos”. Unha das actividades foi aproveitar o “Día Internacional contra violencia de xénero” para realizar uns “obradoiros” sobre esta problemática, nos que participou todo alumnado do colexio (tanto infantil como primaria). O obradoiro foi dirixido pola coordinadora do Observatorio da Convivencia, Verónica Eiravella. A valoración que se fixo desta actividade, foi moi positiva.

Participamos en actividades sobre a “Igualdade de xénero” que ofertou o Concello de A Coruña:

-Celebración do “Día da Muller Traballadora”: Visitou o colexio un autobús do concello (que participaba na campaña do Día da Muller). Os monitores falamos sobre o tema da igualdade ao alumnado do 6º nivel.

-Obradoiros “Diferentes pero Iguais” -para 4º nivel- e “Catro dons para a igualdade” -para 5º nivel-. Nestas tres actividades o alumnado traballou a temática da igualdade de xénero, o sexismo na publicidade, a problemática dos comportamentos machistas...

En cursos anteriores tivemos algún problema, no noso colexio, co mal uso que fixeron algúns alumnos de Internet. O colexio participou no Plan Director, que leva a cabo a Policía Nacional. Neste curso consideramos que sería positivo que os pais e as nais do noso alumnado participara nestas charlas sobre os perigos de Internet, polo que o Plan Director foi dirixido aos pais (a afluencia non foi moi numerosa). O alumnado do 3º ciclo (dentro do Plan Abalar) tamén participou nunha charla sobre Internet.

No patio -na hora do recreo- estableceuse xa o curso pasado un horario para o uso de todas as pistas, que o alumnado en xeral respectou. En canto as subidas e baixadas ao recreo (asi como a formación das filas) seguen a facerse con demasiado

ruído. No tempo do recreo moitos nenos acuden á biblioteca: algúns entran e saen da biblioteca ao patio, cousa que non deben facer.

Algúns alumnos de transporte escolar baixan, ás veces, facendo ruído e incumplindo as normas.

Neste curso houbo algúns casos de mal comportamento, polo que desde a Xefatura de Estudos levaronse a cabo os “Protocolos de Resolución de Conflitos” (algún alumno tivo que facer tarefas na biblioteca, como “medida disciplinaria” ), aínda que a maioría dos problemas que puideron xurdir solucionáronse polos titores nas aulas. En xeral, podemos afirmar que a convivencia foi boa (tanto no horario escolar, como en “madrugadores” e no “comedor”)

Sen embargo déronse algúns casos “graves”:

-Substración por parte dun alumno dos cartos dunha saída escolar (atopábanse no bolso dunha titora). Chamouse aos pais para informarlles do feito e da sanción que se lle impuso ao seu fillo: tres días de expulsión do colexio, prohibición de asistir a futuras saídas escolares, así como ir aos aeseos no tempo de clase...

-Roubo por parte dunha alumna de material escolar dunha compañeira. Neste caso tivo que restituir o material. Falouse sobre a gravidade dos feitos coa familia. Como medida disciplinaria quedou sen recreo durante un tempo..

-Roubo de material (estoxos, libretas...) nunha titoria. Parte deste material apareceu no interior dunha cisterna.

-Roubo de diñeiro de saídas escolares en dúas titorias de Educación Infantil.

-O persoal de limpeza queixase da situacións que danse nalgúns aseos do alumnado (os nenos mexan fora... polo que dase unha situación de falla de hixiene; no servizo dos nenos do patio tivemos unha pequena “inundación”: algúns nenos lanzaron obxectos á cisterna, provocando o seu deterioro). Esta situación deuse outros anos: falábase nas aulas e normalmente cesaban estes feitos. Este curso o persoal de limpeza queixouse máis da continuidade desta conduta inadecuada.

-Nunha clase deuse un caso dun “posible” acoso escolar entre iguais.

O alumnado de etnia xitana -no primeiro trimestre- continua a presentar un alto nivel de absentismo escolar. Desde a Dirección mandáronse apercibimentos e

notificacións ás familias afectadas e abríronse varios Protocolos de Absentismo Escolar (infórmouse a Servizos Sociais). A situación mellorou e reduciuse o absentismo deste alumnado.

Tamén houbo algunha reclamación presentada polo profesorado ante a Dirección por aspectos relacionados coa organización de actividades complementarias.

Sen embargo, a valoración que podemos facer da convivencia no CEIP Emilia Pardo Bazán é positiva, aínda que lóxicamente mellorable en varios aspectos..

## **9. MEMORIA DE BIBLIOTECA**

### **9.1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA**

**A Comisión da Biblioteca** estivo formada durante este curso por doce profesores/as.

#### **Adquisición, xestión e organización de novos fondos:**

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos algo máis de 230 documentos.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos e xestionar os empréstitos. Tamén continuouse catalogando fondos que estaban nas Aulas de Música para ter un mellor control deles.

Proseguimos tamén este curso introducindo as portadas dos documentos no catálogo en Internet. É unha tarefa laboriosa pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a nós a localizar con máis facilidade o documento e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa.

#### **Préstamos:**

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon. Ademais asignouse a cada número de carnet o curso e aula que lle correspondeu ao seu dono este curso escolar.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. A primeiros de outubro abríuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado

de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse preto de 2800 préstamos. Houbo unha moi notable afluencia de alumnos no recreo e poucos pola tarde.

Ao final do mes de xuño, unha vez rematadas as clases, os ordenadores da B.E. (agás o de xestión) van ser levados a un establecemento técnico para reparalos xa que levan moitos cursos sen ter un mantemento e case non funciona ningún.

## **9.2.-DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS**

#### **- Exposicións temáticas:**

- **Exposición de Novidades de Outono**, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
  - **Exposición sobre o Medo**, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
  - **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.
  - **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.
  - **Exposición “Somos iguais, somos diferentes”**, a partir de marzo. O obradoiro que ía realizarse na B. E. con este lema queda pendente para o vindeiro curso pois só levouse a cabo no 1º nivel.
  - **Exposición de Novidades de Primavera.**
- 
- **Encontros con autores:** O alumnado de 1º, despois de ler o libro “No quiero un dragón en mi clase”, mantivo un encontro coa súa autora **Violeta Monreal**.
  - Encontro do alumnado de 2º con **Ana Alonso**, tras ler “Juana sin miedo”.
  - Encontro do alumnado de 3º e 4º coa autora **Fina Casalderrey**, tras ler cada un dos cursos un dos seus títulos: En 3º leron “O estanque dos parrulos

pobres” e en 4º ”A mochila de Alba”.

- Encontro do alumnado de 5º e 6º con **Jacobo Fernández Serrano** despois de ler o libro “Mil cousas poden pasar”.
- Encontro do alumnado de 5º e 6º co escritor e músico **Xurxo Souto**.

#### ➤ Uso da Sala da B.E. como centro de recursos:

- Uso da Sala para presentar e desenvolver diversos obradoiros (igualdade de xénero, reciclaxe...) actividades de xestión académica, encontros con autores, etc.
- Utilización dos ordenadores e uso de internet.
- Consulta do catálogo da B.E. en internet.
- Uso de xogos de xadrez no recreo, actividade que tivo unha notable demanda.

#### ➤ Materiais producidos:

##### ▪ **Guías:**

Entregáronse dúas guías de lectura para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións de Nadal e outra antes das vacacións de verán.

##### ▪ **Revista dixital:**

Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:

- Lecturas para o Nadal
- Violeta Monreal de novo
- Lecturas para o verán
- Diplomas “Leóns Dourados” 2013

##### - **Diplomas “Leóns Dourados”:**

Elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles alumnos /as que se distinguen pola súa participación lectora na B.E.

Entregamos dous por ciclo. Nun acto ao fin de curso entregóuselles un obsequio como premio aos máis lectores da B.E., xunto co diploma.

Neste curso quixemos recoñecer tamén a outros alumnos que tiveron unha notable

actividade lectora e, neste mesmo acto, fíxoselles entrega dun pequeno agasallo.

## **- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULUM E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

- Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.
- Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado en temas vinculados ao currículo e de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

### **9.3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL**

Realizáronse visitas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as para que vaian coñecendo o espazo físico, a organización dos documentos, e os servizos que ofrece.

A principios de curso realizouse unha sesión divulgativa para informar a todo o profesorado sobre o funcionamento da Biblioteca e a utilización do programa MEIGA.

Utilizouse asimismo a B.E. para realizar buscas de información e investigación.

### **9.4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.**

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos na elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

## **10. MEMORIA DA COMISIÓN TIC**

Neste curso escolar as e os compoñentes do equipo TIC realizamos un labor de asesoramento, de carácter técnico e didáctico, ao resto do profesorado que así o solicitou.



O uso normalizado das TIC nos distintos ámbitos da vida escolar (administración, aulas, equipos de traballo, comunicación e divulgación) marcan unha dinámica de innovación no noso centro visible a toda a comunidade educativa a través das plataformas da web 2.0. Seguindo unha liña marcada no seu comezo hai 10 anos pola revista dixital, continuando polos blogs e neste curso coa incorporación do uso das redes sociais.

As dificultades técnicas ralentizan este proceso, o número de incidencias é alto, a resolución das mesmas lenta e a dinámica de traballo que acompaña ás TIC no proceso educativo precisa maior eficacia na resolución das mesmas. As horas dispoñibles do equipo son escasas.

## **ABALAR**

### Opinións do profesorado

Os ultraportátiles do alumnado son demasiado pequenos tanto para o traballo diario do alumnado, coma para a visualización do profesorado na revisión das actividades realizadas realizadas polos/as alumnos/as. Tras varias sesións seguidas de uso producen fatiga visual.

O equipamento Abalar das aulas permite un mellor aproveitamento dos recursos e a visualización dos mesmos. Os ultraportátiles do alumnado permiten traballar mellor a súa competencia dixital, superando barreiras socio-económicas, no caso de algún alumnado que carece de stes recursos nos seus domicilios.

Dificultades cando se desexa facer uso de videoconferencias entre diferentes centros educativos.

### O alumnado valora

- \* A motivación.
- \* A axuda que lles proporciona a corrección ortográfica inmediata para a escrita correcta.
- \* A posibilidade de personalizar as aprendizaxes e de traballar a diferentes ritmos.
- \* A diversidade e a variabiliadde na presentación dos temas.
- \* As animacións que lles permiten non so visualizar o que teñen que aprender, senón que tamén lles serven como soporte memorístico,

### O profesorado valora:

- \* A facilidade na exposición dos contidos.
- \* A accesibilidade a multitude de recursos sen saír da propia aula.
- \* A mellora na comunicación coas familias empregando o correo electrónico ou as redes sociais en contextos educativos.

A cultura dixital do profesorado vaise progresivamente incrementando, na busca de mellores recursos didácticos que favorezan a aprendizaxe do alumnado.

### **EQUIPOS**

Coa instalación de seis encerados dixitais queda completo este equipamento nas aulas dos tres niveis de infantil.

Na actualidade atopámonos con equipos vellos cuxo rendemento é baixo e, polo tanto, ás veces dificultan a eficacia no uso das ferramentas TIC na aula. De cara ao curso que vén, debemos ter en conta este feito na elaboración dos orzamentos.

### **GRUPO DE TRABAJO**

Durante este curso, desenvolveuse un Grupo de Traballo de formación do profesorado en materia TIC baixo o título: “Mellora da competencia dixital do profesorado”.

#### Obxectivos acadados ao final do proceso.

En maior ou menor medida os obxectivos inicialmente propostos no proxecto do seminario acadáronse no desenvolvemento das sesións de traballo.

As diversas propostas para a elaboración de recursos didácticos presentadas polos relatores permitiron unha escolla diferenciada entre os participantes do SP, diversificada segundo os seus centros de interese.

Adquiríronse coñecementos prácticos sobre novas ferramentas TIC para a elaboración de contidos didácticos contextualizados.

Investigouse co alumnado, nas aulas Abalar, as posibilidades didácticas dalgunhas das ferramentas empregadas polos participantes do SP, estimulando o traballo

colaborativo e compartindo as aprendizaxes adquiridas con outros membros do claustro que non participaron nas sesións do SP.

A elaboración de actividades didácticas para empregar nas aulas co alumnado é a mellor demostración dos resultados positivos que tivo a realización do SP.

#### Obxectivos non acadados ao final do proceso

Os obxectivos poden considerarse parcialmente acadados, xa que algúns dos participantes non chegaron a satisfacer as súas expectativas iniciais, á vista dos contidos desenvolvidos polos diferentes relatores/as que participaron nas sesións con docencia. A diversidade de intereses e tamén os diferentes niveis educativos nos que desenvolveron as súas actividades didácticas fixo practicamente imposible atender tódalas necesidades formativas.

#### **REVISTA DIXITAL**

Ao longo do curso estívoase a realizar unha recompilación dos artigos máis relevantes da revista nestes dez últimos anos para celebrar o seu aniversario. Elaborando un ***glog*** con ligazóns e imaxes.

#### **11. MEMORIA EACE**

En base ós obxectivos propostos para a PXA ó inicio do curso escolar 2012-2013 que estamos a rematar, consideramos que se alcanzaron os obxectivos propostos.

1º Utilizamos as actividades propostas por este Equipo co fin de fomentar a formación e a participación do alumnado deste centro. Para iso realizáronse as seguintes actividades:

- **Festa de inicio de curso.**

En Educación. Infantil veu un animador- cantante para os máis cativos.

En Educación. Primaria organizamos unha serie de xogos no patio do colexio despois da hora do recreo.

- **Festa do Magosto.**

Organizouse o asado das castañas para todo o colexio. Leváronse as castañas para o alumnado de E. Infantil para o seu patio, onde houbo a visita dos castañeiros e baile.

O alumnado de E. Primaria asistiu en dúas quendas para comer as castañas e participar nunha serie de xogos alusivos ao tema dese día.

Tamén se fixeron receitas de comidas con froitos de outono, feitas polos rapaces e os seus país.

Xunto co EDL houbo un concurso de zonchos.

Elaboramos o mural da entrada do colexio.

- **Festa do Nadal.**

Organizamos unha mostra de cancións de Nadal e pequenas pezas de teatro.

No mural estivo Feirán vestido coa roupa de PapáNoel.

En E. Infantil houbo unha pequena mostra de panxoliñas.

O lema elixido fou “Un Nadal de conto”.

Houbo tamén unha recollida de contos para donar a distintas entidades benéficas da cidade.

- **Día da Paz.**

O lema elixido este curso foi “Ti elixes o camiño”.

Elaboramos un mural coas aportacións de todas as clases con pétalos con cousas boas e malas. O día elixido retiramos os pétalos negativos e cada clase foi cambiándoos por macetas para plantar nun recuncho do patio cuberto. Todos xuntos cantamos a canción “Quérote mais”

- **Entroido.**

Organizamos a festa do Entroido co lema elixido “As etapas do ser humano”

Cada nivel disfrazouse dunha das etapas na vida do home.

No mural da entrada houbo debuxos dos disfraces ou alusivos aos mesmos.

Houbo tamén murgas e desfile polo patio do colexio dos nenos de E. Infantil e E. Primaria

Rematamos coa degustación de produtos típicos destas datas, para o que contamos coa colaboración da ANPA.

- **Rastrillo Solidario.**

Xunto coa profesora de Relixión Evanxélica, dona Hilda Ramos organizamos o Rastrillo Solidario, este curso só con xoguetes e crebacabezas.

O diñeiro recaudado deuse a ONG “Arquitectos sen fronteiras”

- **Centenario de Celso Emilio Ferreiro.**

Organizamos o día 12 de decembro unha lectura por megafonía de anacos de obras deste autor.

- **Letras Galegas.**

O lema elixido este curso foi “Verbas agarimosas”

Elaboramos o mural da entrada aproveitando o que xa tiñamos. Puxemos unhas macetas e cada clase elixiu unha palabra que puxeron no mural.

Houbo un festival en E. Infantil con actuación de dúas aulas de E. Primaria.

En E. Primaria houbo unha mostra de música popular.

- **Festa fin de curso.**

Houbo unha pequena mostra de pezas de teatro e contos musicados.

Dous grupos de nenos/as de 6ºC actuaron para os/as nenos/as de E. Infantil e o primeiro ciclo de E. Primaria cunha pequena mostra de dous contos con música e danza. Estes contos eran o final do proxecto: “O meu amigo maior” que levaron este último ciclo.

O grupo de teatro interclase representou a súa obra “O Crebanoces”, para o alumnado de E. Primaria e para as familias do alumnado participante.

O grupo de teatro Bubelas representou a obra de Vidal Bolaño “O Toupourrotou da Lúa e do Sol” para o terceiro ciclo de E. Primaria e tamén as familias do alumnado participante.

Rematamos coa tradicional festa de xogos e inchables que organiza a ANPA deste colexio.

Ademais, este equipo tratou de colaborar sempre en todas aquelas actividades que así llo demandaron.

### **11.1. MEMORIA DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Como en cursos anteriores, o alumnado do noso colexio participou nunha serie de actividades extraescolares: algunhas tiveron lugar fora do centro e outras leváronse a cabo nas instalacións do colexio.

A maioría das actividades nas que participamos forman parte do programa “Coruña Educa” que oferta o Concello da Coruña. Participamos nos seguintes programas:

“Coruña Saúde”: programa de prevención e formación que traballa o concepto de saúde dunha forma integral, dirixido ao alumnado e as familias. Participou todo o colexio.

“Coruña de Aventura”. Este programa pretende que os nenos coñezan a cidade así como determinadas instalacións da mesma (museos, empresas, o porto...) O programa consta de dous subprogramas diferenciados:

“Rutas Urbanas animadas” (percorridos a pé pola cidade, co obxecto de que coñezan a súa cidade á vez que adquiren valores e actitudes cívicas): participou o alumnado do primeiro ciclo, que visitaron os “Xardíns de Méndez Núñez” e a “Praza de María Pita”.

“Visitas e Itinerarios” (visitas a instalacións culturais, empresariales...da cidade). Participaron os alumnos do 1º nivel / 3º nivel (Museo de Belas Artes), 4º nivel (Porto de A Coruña), 5º nivel (Museo Arqueolóxico de San Antón, 6º nivel (Torre de Hércules). A valoración da visita ao Porto por parte dos titores non foi positiva (a organización da mesma non parece a máis idónea)

“Concertos Didácticos” (programa “Descubrir a Música” ) Actividade na que participan músicos da Sinfónica de Galicia. Participaron todos os nenos dende 4 anos ata 6º de primaria.

Programa de Teatro “Todo Público” (levase a cabo no Forum Metropolitano e no Rosalía de Castro): participou o 3º ciclo (o 1º ciclo non puido asistir, xa que cancelouse a representación )

O concello oferta unha obra de teatro gratuita ao centro: a representación ten lugar no Colexio (Teatro do Andamio) para o alumnado do 1º Ciclo.

“Educación Ambiental”: o alumnado do 5º nivel participa no programa “A ruta da auga na Coruña”. O alumnado do 6º nivel -no día da árbore- participa nun obradoiro.

Ademais das actividades do Programa “Coruña Educa” tamén visitaron o Museo da Ciencia e a Tecnoloxía o alumnado do 1º/2º ciclos de primaria ( actividade que ofertou “Voz Natura”).

Desde o “Observatorio da Convivencia” considérase interesante a participación do

alumnado de 4º e 5º nos programas educativos de “Igualdade de Xénero” (“Diferentes pero iguais”/ “Catro dons para a igualdade”) así como na celebración do Día da Muller Traballadora (alumnado do 6º nivel)

Obradoiros de ASCODI para o alumnado do 6º nivel.

Teatro en Inglés para E.Infantil e E.Primaria.

Charlas sobre a problemática de Internet (“Navega con rumbo”) para o 3º ciclo.

O alumnado de 5 anos de infantil así como o primeiro ciclo de primaria participan no obradoiro municipal “Plan Rúa”.

O terceiro ciclo asistiu a unha representación do Centro Coreográfico no Teatro Colón.

O alumnado de 4º nivel participa nun plan de “vixilancia de praias” xunto co grupo ecoloxista Habitat, que terá continuidade o vindeiro curso (visitaron a Praia de Alba, en Arteixo)

Por primeira vez o colexio participa no Concurso de Teatro “Candilejas Don Bosco”, que ten lugar no Colexio Calvo Sotelo, coa obra “O Crebanoces”.

Como saídas de fin de curso: educación infantil visitou a Granxa Escola de Beelle; primeiro ciclo o Monte de San Pedro; 4º nivel, a Granxa Escola de Beelle e 6º nivel -a saída de fin de Primaria- a estancia de tres días no albergue de Alvarella (nas Fragas do Eume).

## **12. MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **12.1. TRANSPORTE ESCOLAR**

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Educación e O. U. Un total de 17 alumnos/as de O Portiño.

### **12.2. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA DE MADRUGADORES**

Na Asamblea Xeral Extraordinaria que tivo lugar o día 19 de novembro de 2012 cesaron todos os membros da anterior Xunta Directiva da ANPA Milnen@s e acordouse a creación dunha Xunta Directiva Xestora, formada por Alfonso José Vázquez Parcerro,

José Manuel Moreno Rodríguez, José María Calatayud Sánchez e Alberto Vilariño Pita. A dita Xunta Xestora adicouse fundamentalmente á xestión de contas, impagos de actividades e algunhas outras xestións, e convocou eleccións para o día 22 de marzo.

A actual directiva da ANPA MILNEN@S foi elixida na Asamblea Extraordinaria do 11 de abril. Está formada por: presidenta, Lucía Rodríguez Carballido; vicepresidente, Alfonso Vázquez Parcero; secretaria, Inés de la Cruz González-Cutre; tesoureiro, Ángel Neira Cortés; vogal responsable de comedor, Ana Sánchez García; vogal representante no Consello Escolar, María Vigo Núñez; vogal responsable das actividades extraescolares, José Manuel Moreno Rodríguez.

Esta memoria foi elaborada cos datos que temos da directiva anterior e cos que nos facilitaron as empresas encargadas das Actividades Extraescolares.

## **SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA DE MADRUGADORES**

A empresa Eurest, polo convenio que mantén coa Federación de Anpas e o Concello, foi a encargada de prestar os servizos de madrugadores e de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral de arredor dun 40% das familias dos nenos e nenas que acoden ao centro.

### **12.2.1. PROGRAMA DE MADRUGADORES**

O Concello subvenciona unha parte do coste deste servizo, afectando o importe mensual que paga cada familia.

Durante este curso utilizaron este servizo un total de 107 alumnos, nas modalidades de fixo mensual, esporádico (días soltos) e a turnos (dúas semanas ao mes), todas elas con ou sen almorzo.

### **12.2.2. PROGRAMA DE COMEDOR**

A Xunta, ata o de agora, subvencionou unha parte deste servizo no curso escolar seguinte ao que se recibe. No mes de maio repartíronse os cheques correspondentes á subvención do curso 2011-2012.



O total de comensais ao longo do ano foi de 246, un 39% de educación infantil e un 61% de educación primaria. O servizo ofrece tres opcións: fixo mensual (146 usuarios), fixo discontinuo (49 usuarios) e esporádico (51 usuarios). A media de comensais diarios foi de 167. Ao longo de curso houbo algúns cambios de modalidade: de fixo a esporádico ou fixo discontinuo, etc.

O servizo préstase en dous espazos diferenciados para nenos de infantil e de primaria.

Distribución por anos de nacemento:

	INFANTIL			PRIMARIA					
Ano nac.	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003	2002	2001
Usuarios	32	30	34	36	28	35	21	16	14
<b>TOTAIS</b>	<b>96</b>			<b>150</b>					

A entrega dos nenos realizouse pola porta principal, entrando os nenos para actividades extraescolares pola do patio cuberto. O horario de entrega foi respectado estrictamente. A recollida dos nenos faise de 15.45 a 16.00 horas. Continuou o turno extra de recollida que se engadiu o curso pasado, para as familias que o solicitan por escrito, de 15.25 a 15.30 horas.

A responsable do equipo no centro prestou atención ás familias dúas horas por semana (unha de mañá e outra de tarde) para realizar altas, baixas e modificacións e atender as demandas que se poidesen producir.

O contrato coa empresa EUREST finalizou este curso 2012-2013, e a nova Xunta Directiva da Anpa decidiu estudar outras ofertas e finalmente contratar os servizos coa empresa Jardanay para o próximo curso 2013-2014. A dita decisión tomouse baseándose na calidade dos menús, na atención e nas facilidades para a xestión que esta empresa nos ofreceu.

### **13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES XESTIONADAS POLO ANPA MILNEN@S**

O longo deste curso participaron ao redor de 300 nenos e nenas en distintas actividades.

#### **13.1. ACTIVIDADES CREATIVAS**

Continuamos co programa de actividades extraescolares ofertado pola empresa de tempo libre AXIÑA, S.L. Estes son os horarios das actividades:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
DE 4 A 5	Judo	Xogos de mesa e tradicionais	Judo	Xogos de mesa e tradicionais	Cociña
	Teatro		Teatro		
DE 5 A 6	Judo	Artes plásticas	Judo	Artes plásticas	
	Teatro		Teatro		

Os totais por actividade foron:

Actividade	Total participantes
Judo	37
Teatro	31
Artes plásticas	12
Xogos de mesa e tradicionais	14
Cociña	16
<b>TOTAL ACTIVIDADES</b>	<b>110</b>

Con algunhas altas e baixas, mantívose a matrícula ao longo do ano. Os grupos non se dividen por idades, polo que os monitores adaptan as actividades ás distintas idades dos participantes de cada grupo. En xeral todas as actividades teñen unha valoración positiva na súa acollida, desenvolvemento e resultados. Podemos resumir a consecución de obxectivos do programa do seguinte xeito:

- Proporcionar disfrute persoal.
- Despertar creatividade, participación, iniciativa e maxinación.
- Desenvolver habilidades ou técnicas propias de cada actividade (expresión e dominio corporal, motricidade fina, aprendizaxe de normas, hábitos hixiénicos relacionados coa comida, ...).
- Socializar e educar en valores: desenvolver habilidades para a interacción cos demais, o respecto, o compañerismo, a convivencia, a tolerancia, o valor do esforzo e a mellora, a autoestima, o orde e a organización, etc.

En teatro fixéronse dúas exhibicións relevantes: Nadal e Fin de curso.

Os espazos para a impartición das distintas actividades foron os seguintes:

JUDO: ximnasio andar baixo - edificio Primaria. Este espazo adáptase ás necesidades da actividade. Todos os días de actividade colócase e retírase o tatami, que

está apilado na parte traseira.

TEATRO: aula de música do terceiro andar. A monitora comenta que este espazo lle resulta pequeno para o desenvolvemento de actividades motrices co grupo de 16 a 17 horas xa que é o máis numeroso.

XOGOS TRADICIONAIS E DE MESA E ARTE: na primeira aula do corredor do primeiro andar (1º B). Conta con toda a dotación propia dun aula escolar, polo que cada día se adapta previamente á recepción de participantes. Para manter o correcto estado das mesas colócanse para a actividade hules transparentes. A monitora pide dispoñer, unha vez ao mes, do ximnasio ou dun aula libre de obstáculos para realizar outro tipo de xogos (xogos tradicionais como a Mariola, xogar á goma, etc.).

COCIÑA. O espazo é moi apropiado para a actividade, así como a dotación tecnolóxica (forno, vitrocerámica, microondas).

A valoración xeral destas actividades foi moi boa, non houbo incidencias agás a desaparición de rotuladores da profesora de arte, que se solucionou entre as alumnas, as familias, o centro escolar e a monitora da actividade. A empresa destaca a boa comunicación coa ANPA, o persoal do Colexio e as familias.

### **13.2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

Os deportes ofertados pola ANPA durante este curso foron: fútbol-sala, baloncesto, ximnasia rítmica, hockey e judo (comentada no apartado anterior debido a que é xestionada pola empresa Axiña).

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
--	------	--------	----------	-------	--------

A xestión destas actividades estivo baseada na contratación de servizos e convenios con clubs deportivos:

XIMNASIA RÍTMICA.- Empresa TEMPO. Este curso houbo dous grupos de ximnasia rítmica. En total, 25 participantes. O grupo de 17 a 18 h é moito menos numeroso, polo que a ANPA decidiu eliminalo de cara ao próximo curso e xuntar todos os participantes na mesma hora.

HOCKEY.- Club Atlántico Coruña de Hockey: grupo de Hockey sala, con 18 participantes. Esta actividade depende do Servizo Municipal de Educación por medio do programa Deporte no Centro.

NATACIÓN.- Este curso continuamos co Programa Municipal de Natación Escolar no que participaron un total de 32 nenos de 2º Ciclo de Primaria tódolos luns de 17.00 a 18.00 horas.

FUTBOL-SALA E BALONCESTO.- As actividades de fútbol-sala e baloncesto tiveron lugar un ano máis por convenio co Clube Deportivo Los Rosales. Este clube asumiu a xestión completa das actividades.

#### Fútbol-sala

En virtude do convenio coa Anpa para actividades extraescolares, o Clube encárgase de adestrar a os nenos/as dende Iniciación ate Alevíns (1º a 6º de Primaria), cun total de 56 nenos/as repartidos nas seguintes categorías:

- Iniciación: nados en 2005 e 2006, con 19 participantes, 18 nenos e 1 nena.
- Benxamín: nados en 2003 e 2004, con 29 participantes, 29 nenos.
- Alevín: nados en 2001 e 2002, con 8 participantes, 8 nenos.

Formáronse dous equipos en iniciación (prebenxamíns), tres en benxamín e un en alevín. Participaron na competición organizada pola Federación Coruñesa de Fútbol Sala dous dos equipos benxamíns, os dous prebenxamíns e o equipo alevín. Este ano só participou no trofeo organizado polo Club Calasanz un equipo benxamín.

O corpo técnico estivo composto por 4 adestradores. Un deles foi subvencionado economicamente polo Club no seu curso de formación de monitor de fútbol sala, e puido

realizar a labor de adestrador nas competicións federadas locais de fútbol sala, conseguindo así que todos os adestradores de fútbol sala conten con licenza federativa de nivel comarcal como mínimo.

Participación por equipos:

- Emilia Pardo Bazán 2006 (8 xogadores, 8 federados):
- Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 5º clasificado.
- Emilia Pardo Bazán 2005(11 xogadores, 10 federados):
- Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 3º clasificado.
- Copa da Federación coruñesa de Fútbol Sala, semifinalista.
- Emilia Pardo Bazán benxamín A (12 xogadores, 12 federados)
- Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 12º clasificado.
- Emilia Pardo Bazán benxamín B (13 xogadores, 13 federados)
- Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 9º clasificado..
- Emilia Pardo Bazán benxamín C (14 xogadores)
- XXXII Trofeo Calasanz de Fútbol Sala. 3º clasificado.
- Emilia Pardo Bazán alevín(7 xogadores, 7 federados)
- Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 13º clasificado.

Ademais destas competicións oficiais, o Clube organizou partidos amistosos entre os equipos do clube e coa participación doutros clubes.

Dende o Club Deportivo Los Rosales considérase que os resultados foron óptimos, xa que a filosofía do Clube, especialmente nas categorías vinculadas ca ANPA, é a formación, que aínda sendo competitiva non busca acadar resultados a curto prazo, si o gusto polo deporte e a necesidade de hábitos saudables.

Este ano por motivos organizativos alleos ó Clube, notouse una baixa de inscricións na categoría prebenxamín (19 participantes por 29 en benxamín).

### Baloncesto

Participaron 59 nenos e nenas repartidos da seguinte forma:

- Iniciación: nados en 2005 e 2006, con 18 participantes, 12 nenos e 6 nenas.
- Benxamín: nados en 2003 e 2004, con 14 participantes, 9 nenos e 5 nenas.

- Alevín: nados en 2001 e 2002, con 27 participantes, 13 nenos e 14 nenas.

En iniciación non se xogou competición federada xa que se pensou que nesta categoría é preferible tomar a actividade con carácter totalmente lúdico. Fixéronse partidos entre eles e tentouse levalos a un torneo organizado en Carballo, pero non houbo participación por parte das familias. O desenvolvemento xeral da actividade foi positiva con boa participación en canto a asistencia o longo do curso e sen incidencias.

En benxamín fíxose un equipo mixto para participar na liga local da Federación Coruñesa de Baloncesto. Neste equipo participaron esporádicamente dous nenos e dúas nenas do grupo de iniciación, que os adestradores consideraron que polo seu interese e polas súas condicións podían facelo, e tiñan o consentimento dos seus pais.

A asistencia aos adestramentos e a disciplina foron moi boas, aínda que non así o compromiso de asistencia ós partidos, para os que os adestradores tiñan que andar todas as semanas pendentes de se tiñan os nove mínimos para que o encontro tivese validez. Neste grupo había un neno con necesidade de atención continua e que se conseguiu que estivera totalmente integrado co resto dos participantes.

En alevín fixéronse dous equipos; un feminino e outro masculino, que participaron en cadansúa liga federada. Neste grupo tanto a asistencia como o compromiso foron excepcionais, cunha participación e cunha implicación total tanto por parte das rapazas e dos rapaces como das nais e dos pais, asistindo maioritariamente ós partidos. O nivel de satisfacción é máximo tanto a nivel técnico como deportivo.

O equipo feminino quedou na 1ª fase 5º de sete e na 2ª fase 1º de seis. No computo de Galicia 57º de 63. Na “Copa Primavera” quedou eliminado na 1ª fase de grupos.

O equipo masculino quedou 4º de 12 no seu grupo, 7º no computo da liga local e 99º de 123 2a nivel galego. Na “Copa Primavera” caeu en semifinais.

Todos os equipos participaron na competición co nome de “Emilia Pardo Bazán-Los Rosales”.

Para rematar a temporada os tres equipos asistiron a actividade “X Día do Minibasquet” celebrada en Santiago de Compostela o día 8 de xuño que, organizada pola Federación Galega de Baloncesto e polo “Correo Gallego”, consistiu nunha xornada totalmente lúdica na que pasaron o día xogando o basquet e, sobre todo, relacionándose con nenas e nenos de toda Galicia. Neste enlace pódese ver unha reportaxe sobre este evento no que os nosos equipos fanse ver:

[http://www.youtube.com/watch?feature=player\\_detailpage&v=O-pQ6uRo7wM](http://www.youtube.com/watch?feature=player_detailpage&v=O-pQ6uRo7wM)

O corpo técnico que o Clube puxo a disposición da ANPA para atender a actividade foi de 6 adestradores, todos con titulación deportiva de distinto nivel.

## **14. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS**

### **14.1. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO**

1. Reparación dun panel fixo da porta da aula de PT en EP, que impide a súa apertura para o traslado de mobiliario.
2. Apertura dunha porta interior no tabique de pladur que separa dúas aulas (PT – Compensatoria).
3. Arranxar a fechadura electrificada de apertura da porta principal no edificio principal.
4. Arranxar grifo no cuarto de material deportivo situado no edificio de infantil ó carón da caldeira de calefacción.
5. Reposición dunha tapa de pavimento para unha arqueta de chave de paso de auga na entrada principal do colexio de primaria.
6. Arranxar andeis das estanterías das aulas de EP2ºA, EP3ºC, EP4ºB
7. Repoñer tapas de enchufes nas aulas de EI3ºA, EDI, Biblioteca
8. Resolver problemas de humidades e reposición de pintura na aula de EI4ºA.
9. Arranxar persiana na aula de EI4ºB, ERE1#
10. Repoñer fechaduras ventás das 9 aulas do edificio de educación infantil.

11. Arranxar colgantes das perchas das aulas de EI4ºA, EI4ºC, EP2ºA, ERE1
12. Arranxar marco de madeira do moble de obra na aula de MUSICA
13. Arranxar marco metálico nunha ventá da aula de MÚSICA.
14. Arranxar grifo en lavabo na aula de EI5ºC
15. Arranxar interruptor eléctrico de iluminación na aula de EI5ºC.
16. Reposición de 10 tubos fluorescentes en SUM, Admón. e aulas.
17. Arranxar interruptor eléctrico aula de apoio en EP (fai contacto).
18. Repoñer grifo en cuarto de limpeza no edificio de EP
19. Arranxar porta de madeira de acceso ó cadro eléctrico por estar hinchada
20. Repoñer fluorescentes en patio cuberto EP-EI, biblioteca e planta baixa (7 tubos)
21. Arranxar cisterna no servizo de nenas do 2º andar porque non carga auga.
22. Arranxar persiana na aula de EP2ºB
23. Substituír soportes de bombillas por pantallas portafluorescentes no porche da porta principal de EP
24. Revisar fechadura, portal e muro da porta con apertura eléctrica de entrada no recinto escolar (cambiose o dispositivo de apertura varias veces pero segue tendo problemas)
25. Arranxar porta de entrada na aula de EI6ºC xa que non encaixan ben as dúas follas.
26. Soldar anclaxe metálico na porta pequena de entrada ó recinto escolar de educación infantil.
27. Soldar barra metálica carro portabalóns.
28. Soldar panel metálico na barandilla de acceso ao patio cuberto de educación primaria.
29. Arranxar fechadura porta servizo profesores zona administrativa.
30. Arranxar andeis e soportes en estanterías de obra das aulas de EP6ºA.
31. Arranxar fendas nas paredes do almacén do material da horta escolar.
32. Arranxar fechadura e cambiar tirador da porta do almacén da horta escolar.
33. Arranxar grifos no baño dos nenos do 1º andar de educación infantil.



34. Arranxar 7 cisternas aseos nenos/as no 1º e 2º andar de EP, planta baixa e 1º andar de EI.
35. Repoñer gomas WC aseos nenos/as no 2º andar de EI.
36. Arranxar sifón baño 3º andar EP.
37. Arranxar 2 persianas no SUM e 1 persiana na aula de EP6ºC.
38. Repoñer 20 topes de persianas no SUM.
39. Desatascar sumidoiro lavabo servizos nenos 2º andar ó caron de comedor.
40. Arranxar recolledor de persiana na aula de ERE1.
41. Repoñer taboleiro por rotura de caixa persiana da aula de EP6ºB.
42. Arranxar soportes balda armario empotrado da aula de EP5ºB.
43. Arranxar soportes colgador da aula de ERE1.
44. Arranxar suministro eléctrico en aseos do persoal de limpeza do 1º andar de EP.
45. Arranxar humidades en cuarto eléctrico e repoñer pintura nas súas paredes.
46. Repoñer 20 topes de persianas nas aulas do 3º ciclo de EP.
47. Repoñer tapa da caixa eléctrica situada no comedor infantil.
48. Arranxar cinta persiana na aula de EI6ºA.
49. Reposición pasador en porta de aluminio situada na porta exterior do patio cuberto de primaria.
50. Substitución do limitador eléctrico de acendido das luminarias exteriores.
51. Substitución interruptor eléctrico de acendido do alumeadado no 2º andar esquerda do aseos de educación infantil.
52. Reposición azulexos aseos infantil 2º andar.
53. Reposición cinta de persiana na aula de EI6ºA
54. Localización e eliminación de fuga de auga no 2º andar de educación primaria que causa filtracións e goteiras na aula de EP3ºB no piso inferior
55. Eliminación de goteiras existentes no lucernario do tellado do edificio de educación primaria que permiten o paso de auga ata o chan da planta baixa convertíndoo en resbaladizo.
56. Restitución soldaduras en pernios de dúas portas metálicas situadas nas pistas deportivas inferiores e arranxo dunha delas que permita a súa apertura

axeitadamente.

57. Arranxar malla nas pistas deportivas inferiores.
58. Repoñer abrazadeiras de suxeición á parede da cheminea de expulsión de gases do sistema calefactor de EI.
59. Repoñer abrazadeiras de suxeición á parede da baixante desde o tellado ata o chan no edificio de educación infantil (fachada posterior).
60. Substitución pantalla porta tubos fluorescentes no patio cuberto de EI.
61. Retirar cableado eléctrico situado na parede traseira do edificio de EI que está ó alcance do alumnado e pode causar algún accidente.
62. Arranxar flotador en cisterna alta no aseo de nenos do 1º andar de E. Infantil
63. Arranxar limitador eléctrico no cadro xeral de educación infantil avariado a raíz dun cambio de interruptor de alumeado.
64. Reposición fechaduras en ventás da aula de EI6ºB.
65. Reposición topes en persiana da aula de EI6ºB
66. Reposición 2 cintas de persiana na aula de EI5ºA
67. Arranxar persiana na aula de EI5ºA.
68. Apertura dun radiador na aula de EI6ºB que estaba anulado en cursos anteriores.
69. Reparación urxente do tellado de uralita situado no local do ANPA
70. Substitución do termo eléctrico situado no aseo de profesorado e alumnado da planta baixa do edificio de infantil.
71. Arranxar goteira en conexión das tuberías de auga co termo eléctrico citado.
72. Substitución de 1 tubo fluoresecente no patio cuberto de educación infantil.
73. Reposición de 1 cinta de persiana na aula de EI4ºA.
74. Eliminación de problemas de condensación no enlosado do chan da aula de EP4ºB por presentar a cotío excesiva humidade e riscos de esvaramento do alumnado-
75. Reposición pintura en 3 paredes das aulas de EI4ºA e EI6ºB por presentar problemas de humidades.
76. Desatascar urxentemente canalón de recollida de pluviais situado na parte superior do patio cuberto de EP que provoca inundacións na entrada traseira do

colexio.

77. Retirar papeleira metálica situada no exterior do patio de EI
78. Eliminación das fendas do material vitrificado nas paredes situadas no patio cuberto de EP, paredes exteriores que circundan a planta baixa do edificio de EP.
79. Reposición 5 tubos fluorescentes en SUM e corredores do edificio de EP.
80. Eliminación de filtracións de auga que afectan á placa do primeiro andar do edificio de EP e poden ter que ver coa condensación do chan da aula de EP3ºB.
81. Reposición barrotes de aluminio en porta de entrada do local da caldeira do edificio de EI.
82. Repoñer soldaduras e melloralas suxeición na barandilla de aceiro inoxidable de protección da rampa de baixada desde a pista superior.
83. Arranxar fendas en parede de baldosín vitrificado situada no patio cuberto de educación primaria, paredes exteriores do edificio de primaria que presentan fracturas do baldosín vitrificado con riscos para o alumnado.
84. Eliminación de oxidación e melloralas soldaduras nos paneis de chapa situados na barandilla de baixada ó patio cuberto.
85. Arranxar 2 persianas (SUM, EP1ºB)
86. Repoñer cristais en ventás por presentar risco de fractura total (están con fisuras ou buratos): 1 no SUM, 2 EP3ºB.
87. Reposición tubos fluorescentes: 1 corredor planta baixa EP, 2 EP6ºB.
88. Arranxar fechadura porta do cuarto de limpeza situado no 1º andar de EP.
89. Reposición enchufe eléctrico en aula de EI4ºC por deterioro da carcasa de protección.
90. Reposición 2 tubos fluorescentes en aula de EI6ºC
91. Substitución de cristal en fiestra do SUM por estar estalado
92. Arranxar láminas persiana no SUM
93. Subsanan desnivel no pavimento do patio cuberto de educación infantil.
94. Subsanan deficiencias na bancada e barandillas de protección do patio de xogos de educación infantil.

95. Subsana deficiencias nos xogos de madeira de educación infantil: madeiras astilladas, ferros oxidados...
96. Arranxar canalón e baixantes de pluviais no patio cuberto de educación infantil.
97. Arranxar cinta persiana en aula EP6ºB.
98. Desatascar baixante de pluviais desde o tellado do edificio de educación primaria que rebosa e verte auga pola fachada traseira.
99. Eliminación das filtracións de auga no teito de comedor infantil procedentes da cuberta do edificio de educación primaria.
100. Reposición 1 tubo fluorescente no corredor do 3º andar de educación primaria
101. Desatascar sumidoiro preto da porta de corredeira con sistema eléctrico do edificio de primaria. A acumulación de auga pode causar danos no motor eléctrico.
102. Arranxar porta colindante porta corredeira, con sistema de apertura eléctrico desde conserxería. Falla con frecuencia.
103. Destascar lavabo do aseo en planta baixa no botiquín.
104. Substituír bombilla e poñer instalación mediante fluorescente en aseo no botiquín.
105. Arranxar fechaduras portas (2) aseos patio cuberto EP.
106. Substituír focos por sistema de fluorescentes no teito da porta de acceso ao patio cuberto de EP.
107. Repoñer focos/fluorescentes diante da porta de entrada da vivenda da conserxe, aseo nenos 1º andar EP, corredor 1º andar, aula de EP1ºC, ERE 2º andar, aula de EP6ºB, aseos nenos 2º andar, aseos nenas 2º andar, corredor 3º andar, aseo nenas 3º andar.
108. Arranxar fechadura de porta de aluminio entrada lateral-esquerda fachada edificio de EP.
109. Reposición bisagras en porta de aluminio entrada lateral-dereita fachada edificio de EP.

110. Reposición táboas que tapan as xuntas de dilatación no SUM.
111. Reposición tapa de cemento en arqueta situada no patio dianteiro do edificio de EP ao carón da porta do almacén por estar fracturada (risco de caídas).
112. Repoñer 3 cristais das ventás no comedor.
113. Reposición 20 cadeas en cisternas nos aseos dos edificios de infantil e primaria.
114. Limpar sumidoiros no patio exterior o carón do colexio azul (EI)
115. Nivelar chan de cemento diante da porta de entrada do edificio de educación infantil (risco de caídas),
116. Arranxar goteiras no interior do patio cuberto de E. Infantil.
117. Reposición de gomas nos WCs dos aseos de nenas e nenos na planta baixa de EI.
118. Reposición 5 fluorescentes en corredores/aulas de EI.
119. Engrasado de rodamentos do portalón de entrada no recinto na zona de EI.
120. Reposición fechadura tipo gatillo en porta metálica de acceso ao polideportivo.
121. Arranxar uralita no tellado do local da ANPA xa que sobresa e cando hai vento corre risco de levantarse de novo.
122. Pintado de muros de cemento na zona de xogos infantís por presentar manchas de óxido.
123. Acondicionamento mediante rampa continua en accesos ao edificio de infantil.
124. Eliminación apozamento da auga en terraza o carón do edificio de EI.
125. Reposición fonte de auga no patio infantil.
126. Reposición do canalón de recollida de pluviais do patio cuberto de EI.
127. Arranxar fuga de auga en WC do cuarto de limpeza do 1º andar en EP.
128. Resolver fuga de auga en canalón baixante fachada traseira colexio de EP. Cando chove abundantemente rebosa polo cóbado da tubería.

129. Arranxar suxeición grifería na parede do botiquín para enganche de manguera de auga para persoal de limpeza.
130. Arranxar fuga de auga dunha cisterna do aseo de nenos do patio cuberto de EP.
131. Eliminación urxente das filtracións de auga existentes no SUM que impiden un uso seguro das instalacións debido ó risco de esvarar o alumnado nas sesións de educación física.
132. Reposición 2 bombillas e interruptor eléctrico en aseo nenos 3º andar EP.
133. Reposición 1 interruptor eléctrico en aseo nenos 2º andar EP.
134. Reposición regleta de fluorescentes na aula de ERE2 no 2º andar EP.
135. Arranxar fechadura porta acceso botiquín en planta baixa EP.
136. Arranxar instalación eléctrica do porche traseiro en EP. Non acenden algunhas luces.
137. Arranxar peldaños das escaleiras de comunicación coa parte superior das pistas deportivas exteriores. Presentan problemas de corrosión nos barrotes de ferro. Existe risco de caída dos usuarios.
138. Arranxar urxentemente WC nenos do 1º andar de EP por risco de inundación. Gotea constantemente e non hai chave de paso para pechar
139. Arranxo urxente dun limitador eléctrico da planta baixa do edificio de EP que afecta aos aseos do alumnado e á zona administrativa.
140. Regular a presión do muelle na porta de aluminio da entrada do colexio de EP para evitar golpes cando se pecha.
141. Anular ou taponar grifos antiga ducha no cuarto do botiquín de EP.
142. Arranxar cisterna urinarios e wc do aseo nenos 1º andar EP.
143. Arranxar grifo cuarto limpeza 1º andar porque gotea.
144. Arranxar cisterna aseo nenas 2º andar EP.
145. Arranxar grifo do fregadeiro do comedor escolar porque gotea.
146. Repoñer 2 tubos fluorescentes na aula de EP3ºC.

## **14.2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U.**

Relación de equipamento e mobiliario recibido:

- 2 Mesas ordenador infantil con 2 cadeiras
- 2 Armarios móbiles con 17 gavetas.
- 2 Armarios vitrina con portas de cristal.
- 6 Pupitres bipersonais M-1 con 12 cadeiras.
- 8 Pupitres unipersonais M-3 con 8 cadeiras.
- 1 Lote de puzzles.
- 1 Lote de puzzles 2.
- 1 Lote de bloques de construción.
- 1 Globo terráqueo.
- 1 CPU Servidor de internet Abalar.
- 3 Armarios de carga ultraportátiles Abalar.
- 3 Encerados interactivos Abalar.
- 3 Videoproxectores electrónicos Abalar.
- 4 Ordenadores portátiles Abalar.
- 79 Ordenadores ultraportátiles Abalar.

Quedan pendentas de solucionar as seguintes necesidades:

A necesidade máis urxente de reparación é a eliminación das aristas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados numerosos incidentes entre os usuarios do centro.

**EN EDUCACIÓN INFANTIL**

- Construción dun novo edificio adaptado ás necesidades do centro.
- Instalación dun pasamans nos corredores e escaleiras do edificio adaptados ás alturas do alumnado.
- Instalación dun sistema de iluminación exterior.
- Reposición do teped na zona de xogos de educación infantil.

#### EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado nas catro plantas
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Subdivisión do espazo de secretaría/administración para crear un novo despacho e apertura dunha ventá ao corredor para á atención ó público.
- Portas de saída con sistemas de apertura antipánico.
- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.

#### Necesidades de equipamento:

- Dotación de ordenadores na aula de ERE Evanxélica.
- Renovación dos ordenadores de sobremesa da Aula de Informática compartida co CFR A Coruña.

#### **15. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO (VER ANEXO I)**

#### **16. RESULTADOS AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA CURSO 2010-2011**

Resultados da avaliación diagnóstica realizada o curso pasado (2011-2012) polo alumnado que cursaba 4º de Educación Primaria e que valora tres competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística:
  - Comprensión lectora.



- Comprensión oral.
- Expresión escrita.
- Competencia matemática:
  - Cantidades
  - Espazos e formas
  - Tratamento da información e azar.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:
  - A contorna próxima e a súa conservación.
  - Ciencia, tecnoloxía e sociedade.
  - Materia e enerxía.
  - Os seres vivos.

Valorando o nivel de estudo, a situación laboral-profesional e os recursos culturais e materiais das familias; o noso colexio sitúase no grupo socioeconómico e cultural (ISEC): medio alto.

O rendemento do alumnado organízase en cinco niveis. O nivel 1 correspondería ás capacidades máis básicas e o nivel 5 ás execucións máis complexas. Os niveis superiores inclúen as destrezas dos inferiores. Vistas as aclaracións anteriores, a continuación faise unha breve análise dos resultados obtidos:

- A maior puntuación acadámola na competencia en comunicación lingüística, seguida da competencia matemática e para finalizar na competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Na competencia en comunicación lingüística a maior porcentaxe do alumnado atópase nos niveis 3 e 4. Superamos a media ISEC na comprensión lectora e

comprensión oral. Debendo mellorar na expresión escrita, como por exemplo, na elaboración de textos estruturados e na argumentación con coherencia.

- Na competencia matemática a maior proporción do alumnado ubícase nos niveis 2 e 3. Isto significa que se debe mellorar en:
  - Aplicar medidas de tempo en situación cotiás.
  - Comunicar coherentemente os resultados, acompañados de táboas, gráficos e texto.
  - Valorar a utilización de propiedades xeométricas.
- Na competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico a maior parte do alumnado sitúase nos niveis 2 e 3. Igualamos a puntuación media de Galicia no apartado de ciencia, tecnoloxía e sociedade. Tendo que esforzarnos nos tres restantes, por exemplo en:
  1. Explicar hábitos de alimentación e hixiene (consecuencias e desenvolvemento).
  2. Valorar os principais usos dos recursos naturais (vantaxes e desvantaxes).
  3. Recoñecer as características clave da investigación científica e obter información relevante.

Sabemos, polo tanto, que temos que mellorar nalgúns aspectos, sobre todo porque a educación é unha carreira de fondo que hai que percorrer ao longo da nosa vida, e na que, coma na fábula da lebre e a tartaruga, non vale botarnos a durmir confiados nas nosas posibilidades, por iso a mellora, o esforzo continuado, e a aprendizaxe significativa son piares básicos no noso labor diario cos vosos fillos. A través desta carta, queremosvos facer partícipes destes resultados, pois a tarefa educativa ten a súa continuidade nas familias do noso alumnado.

**ANEXO I**  
**(LIBROS DE TEXTO 2013-2014)**  
**CEIP EMILIA PARDO BAZAN**

---

Código de centro: 15021627

---

Enderezo: TRAVESIA DE LOS ROSALES S/N

Concello: A CORUÑA

---

Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

Teléfono: 981-276781

---

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º PR.	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA BASICO CONECTA CON. PUPI 1 S.M.	9788467546415	C
1º PR.	GALEGO	LINGUA GALEGA CONECTA CON PUPI 1 S.M.	9788498542875	G
1º PR.	MATEMAT.	MATEMATICAS UNA A UNA 1. ANAYA	9788466797061	C
1º PR.	COÑ. MEDIO	COÑECEMENTO DO MEDIO . UNHA A UNHA. ANAYA	9788466799539	G
1º PR.	INGLES	BUGS WORLD 1. PUPIL´S BOOK MAC MILLAN	9780230407466	I
1º PR.	LECTURAS	TICO-TIC LECTURAS 1. ANAYA	9788466797146	C
1º PR.	LECTURAS	O TREN DOS CONTOS 1. S.M.	9788467517200	G
1º PR.	RELIXION	RELIGION CATOLICA 1. ANAYA	9788466798266	C
1º PR.	MATEMAT.	CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 1. ANAYA	9788466797917	C
1º PR.	MATEMAT.	CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 2. ANAYA	9788466797924	C
1º PR.	MATEMAT.	CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 3. ANAYA	9788466797931	C
1º PR.	CASTELLANO	CUADERNO DE LENGUA CONECTA CON PUPI 1. S.M. (PAUTA)	9788467545616	C
1º PR.	CASTELLANO	CUADERNO DE LENGUA CONECTA CON PUPI 2. S.M. (PAUTA)	9788467544732	C
1º PR.	CASTELLANO	CUADERNO DE LENGUA CONECTA CON PUPI 3. S.M. (PAUTA)	9788467546293	C
2º PR.	CASTELLANO	LENGUA CONECTA CON PUPI 2. S.M.	9788967546439	C
2º PR.	COÑ. MED.	COÑECEMENTO DO MEDIO . UNHA A UNHA. ANAYA	9788466799560	G
2º PR.	GALEGO	LINGUA GALEGA CONECTA CON PUPI 2. S.M.	9788498542882	G
2º PR.	MATEMAT.	MATEMATICAS UNA A UNA 2 . ANAYA	9788466797085	C
2º PR.	MATEMAT.	CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 1. ANAYA	9788466797948	C
2º PR.	MATEMAT.	CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 2. ANAYA	9788466797955	C
2º PR.	MATEMAT.	CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 3. ANAYA	9788466797962	C
2º PR.	INGLES	BUGS WORLD 2. PUPIL´S BOOK. MAC MILLAN	9780230407480	I
2º PR.	INGLES	BUGS WORLD 2. BUSY BOOK. MAC MILLAN	9780230719026	I
2º PR.	LECTURAS	O TREN DOS CONTOS 2. S.M.	9788467512847	G
2º PR.	LECTURAS	TICO-TIC LECTURAS 2 . ANAYA	9788466797153	C
2º PR.	RELIXION	RELIGION CATOLICA 2. ANAYA	9788466798280	C
2º PR.	MATEMAT.	CIFRA. EL AVION DE PAPEL VICENS VIVES		
		CUADERNO 4 SUMAR LLEVANDO	9788431674106	C
		CUADERNO 7 RESTAR LLEVANDO	9788431675837	C
		CUADERNO 8 SUMAR Y RESTAR LLEVANDO	9788431675844	C
		CUADERNO 9 PROBLEMAS SUMAS Y RESTAS 2	9788431675851	C
		CUADERNO 10 MULTIPLICACIÓN POR 1 CIFRA	9788431675868	C

## CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º PR	MATEMAT.	CIFRAS 3 ( LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS) VICENS VIVES	978846820694 3	C
3º PR	COÑ. MED.	FARO 3 (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS) VICENS VIVES	978846820777 3	G
3º PR	CASTELLANO	LETRAS 3 (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS) VICENS VIVES	978846820737 7	C
3º PR	GALEGO	CAMIÑO 3 (LIBRO DIVIDIDO EN 3 CADERNIÑOS) VICENS VIVES	978846820830 5	G
3º PR	INGLES	EXPLORERS 3 CLASS BOOK . OXFORD	978019450996 1	I
3º PR	INGLES	EXPLORERS 3 ACTIVITY BOOK. OXFORD	978019450893 3	I
3º PR	RELIXION	HOLA JESUS, S.M.	978846755377 2	C
4º PR	MATEMAT.	CIFRAS 4 ( LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS) VICENS VIVES	978846820379 9	C
4º PR	COÑ. MED.	FARO 4 (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS) VICENS VIVES	978846820778 0	G
4º PR	CASTELLANO	LETRAS 4 (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS) VICENS VIVES	978846820764 3	C
4º PR	GALEGO	CAMIÑO 4( LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS) VICENS VICES	978846820831 2	G
4º PR	INGLES	EXPLORERS 4 CLASS BOOK . OXFORD	978019450997 8	I
4º PR	INGLES	EXPLORERS 4 ACTIVITY BOOK. OXFORD	978019450909 1	I
4º PR	GALEGO	ORTOGRAFIA GALEGA NUMERO 5 ANAYA	978846678516 7	G

## **CEIP. EMILIA PARDO BAZAN**

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5º PR	MATEMAT.	MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER. SANTILLANA	9788429493634	C
5º PR	CASTELLANO	MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER SANTILLANA	9788429493207	C
5º PR	COÑ. MED.	MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL VICENS VIVES	9788431691370	G
5º PR	GALEGO	ABRE A PORTA ANAYA	9788466780674	G
5º PR	INGLES	EXPLORERS 5 . CLASS BOOK . OXFORD	9780194509244	I
5º PR	INGLES	EXPLORERS 5. ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194509251	I
5º PR	RELIXION	SE LLAMA JESUS 5. S.M.	9788467598599	C
6º PR	MATEMAT.	MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER . SANTILLANA	9788429493832	C
6º PR	CASTELLANO	MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER. SANTILLANA	9788429493375	C
6º PR	COÑ. MED.	MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL. VICENS VIVES	9788431692476	G
6º PR	GALEGO	ABRE A PORTA. ANAYA	9788466780704	G
6º PR	INGLES	EXPLORERS 6 . CLASS BOOK OXFORD	9780194509411	I
6º PR	INGLES	EXPLORERS 6. ACTIVITY BOOK. OXFOR	9780194509428	I
6º PR	EDU.CIDAD.	EDUCACION PARA A CIDADANÍA. S.M.. 2009	9788498541502	G

## **CEIP EMILIA PARDO BAZAN**

<b>EDUCACION INFANTIL</b>				
3 ANOS	RELIXION	3 AÑOS SE LLAMA JESÚS. EDITORIAL S.M.	SE9788467561036	C
4 ANOS	MATEMAT (1)	MATEMATICAS 2 . EDITORIAL ANAYA	9788467815894	C
4 ANOS	ESCRITURA (2)	CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA NUMERO 1 (PAUTA MONTESORI ) EDELVIVES	9788426371393	C
4 ANOS	INGLES	THREE IN A TREE A. CLASS BOOK OXFORD	9780194070553	I
4 ANOS	RELIXION	4 AÑOS SE LLAMA JESUS . EDITORIAL S.M.	SE9788467561043	C
5 ANOS	MATEMAT.	MATEMATICAS 3. ANAYA	9788426371409	C
5 ANOS	(3)	EL PAIS DE LAS LETRAS. EDELVIVES	Nº 2 9788426371409 Nº 3 9788426371416	C
5 ANOS	INGLES	THREE IN A TREE B. CLASS BOOK PACK OXFORD	9780194302951	I
5 ANOS	RELIXION	5 ANOS SE LLAMA JESUS. EDITORIAL S.M.	SE978846751050	C

- (1) SÓ PARA OS GRUPOS DE CARME E CHELO  
 (2) SÓ PARA OS GRUPOS DE CARME E CHELO  
 (3) SÓ PARA OS GRUPOS DE AURORA E TERESA



D. Antonio Castiñeira Vázquez, secretario do **CEIP EMILIA PARDO BAZÁN** de

A Coruña

**CERTIFICA:**

Que na sesión de CONSELLO ESCOLAR celebrado o día 27 de xuño de 2013 foi **APROBADA** a MEMORIA ANUAL 2012/13.

E, para que así conste, asino a presente Certificación co Visto e Prace do Sr. Director.

A Coruña, 28 de xuño de 2013

Vº e Prace

O DIRECTOR

Asdo: José Manuel García Yanes



O SECRETARIO

Antonio Castiñeira Vázquez